



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE. XEFATURA TERRITORIAL DE LUGO. SERVIZO DE EMPREGO E ECONOMÍA SOCIAL

Anuncio

CONVENIOS COLECTIVOS

Visto o texto do acordo polo que se aproba o calendario laboral do Convenio Colectivo Provincial da Primeira Transformación da Madeira de Lugo (Código número 27000445011982), asinado o día 11 de novembro de 2022, pola representación patronal (Asociación de Empresarios da Primeira Transformación da Madeira de Lugo) e das centrais sindicais CC.OO. (50%), U.G.T. (43,75%) e C.I.G. (6,25%) como membros da comisión negociadora e de conformidade co disposto no artigo 90 apartados 2 e 3 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos, acordos colectivos de traballo e plans de igualdade ACORDO:

PRIMEIRO: Ordenar a inscrición do citado acordo no rexistro de convenios desta xefatura territorial, así como o seu depósito.

SEGUNDO: Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Lugo, 23 de novembro de 2022.- A xefa territorial, Pilar Fernández López.

COMISIÓN NEGOCIADORA DEL CONVENIO COLECTIVO DE LA PRIMERA TRANSFORMACIÓN DE LA MADERA DE LA PROVINCIA DE LUGO

ACTA FINAL DE ACUERDO

En Lugo, a 11 de Noviembre de 2.022.

Asistentes

- POR LA REPRESENTACIÓN SINDICAL
- LUISRODAS GARCÍA (CCOO).
- CAROS GARCIA VAZQUEZ (UGT).
- ALFNSO LOSADA RODRIGUEZ (CIG).

- POR LA REPRESENTACIÓN PATRONAL
- ANGELES VILA CAJETE
- LAURA LOZANO HERMIDA
- NURIA RODRÍGUEZ ARIAS

ASESORES DE LA REPRESENTACIÓN SINDICAL

(Centrales sindicais: CCOO, UGT y CIG)

ASESORES DE LA REPRESENTACIÓN PATRONAL

D.Adrián Núñez Fernández, (LUCUS LEX ABOGADOS, S.L.P.)

T elf.: 982242309/fax: 982231567

Email: adriannunez@lucuslexabogados.com

REPRESENTACIÓN SINDICAL

POR CCOO con el 50%

D. Diego Ferreiro Morado. (DNI nº33544975-G)

D. Luis Rodas García.(DNI 50.179.927-E)

POR UGT con el 43,75%

D. Carlos García Vázquez (DNI nº11922182-V)

D. Diego José Chao Rubal (DNI nº 33998011-D)

POR CIG con el 6,25%

D. Alfonso Losada Rodríguez (DNI nº76578117-P)

REPRESENTACION PATRONAL (Asociación de Empresarios de la Primera Transformación de la Madera de Lugo)

Dña. Angeles Vila Cajete (DNI nº33998804-C)

Dña. Laura Lozano Hermida (DNI nº33552667-Z)

Dña. Nuria Rodríguez Arias (DNI nº34267513-C)

ASESORES

D. Adrián Núñez Fernández (DNI nº 33344942-W)

En la ciudad de Lugo, a 11 de Noviembre de 2.022, se reúnen los representantes de las Centrales Sindicales y de la Asociación de Empresarios de la Primera Transformación de la Madera de Lugo que al inicio de la presente Acta se identifican y relacionan, con el objeto de proceder a la negociación del calendario laboral para el año 2023 del Convenio Colectivo Provincial de la Primera Transformación de la madera de la Provincia de Lugo, (BOPLU de 7 de Marzo de 2.022-Código 27000445011982); reconociéndose con legitimación y capacidad suficiente para negociar, con la representatividad que poseen,

EXPONEN

Abierta la sesión y después de una amplia deliberación por las partes negociadoras, se adoptan los siguientes,

ACUERDOS

PRIMERO.- Constituir la comisión deliberadora para la negociación del calendario laboral año 2.023.

SEGUNDO.- Se comienza por la negociación del calendario laboral y se presenta por la representación patronal una propuesta de calendario y por la representación sindical otra propuesta de calendario; después de una amplia deliberación se procede a la aprobación del calendario laboral para el año 2.023, que se aprueba por unanimidad, manteniéndose inalterada la actual redacción del Art. 9 del Convenio Colectivo Provincial de la Primera Transformación de la madera de la Provincia de Lugo e incorporándose los 5 días inhábiles o no laborables retribuidos al 100% del salario real para el año 2.023:

- 24 de Julio,
- 14 de Agosto,
- 13 de Octubre,
- 7 de Diciembre y
- 26 de Diciembre de 2.023.

Por tanto, el Art. 9 del Convenio sectorial quedaría redactado del siguiente modo:

"Artigo Noveno Distribución da xornada laboral/ Calendario laboral.

As empresas poderán distribuir a xornada de traballo efectiva establecida no artigo anterior ao longo do ano con criterios de fixación uniforme ou irregular, afectando a uniformidade ou irregularidade ben a toda a plantilla ou de forma diversa por seccións ou departamentos, por períodos estacionais do ano en función das previsións das distintas cargas de traballo e desprazamentos da demanda. En todo caso a distribución irregular da xornada respectará os topes mínimos e máximos de distribución previstos no artigo 47 do Convenio Colectivo Estatal da Madeira. Dita distribución deberá fixarse no correspondente calendario laboral antes do 1 de marzo de cada ano e expoñer o mesmo no taboeiro de anuncios da empresa.

Naquelas empresas nas que á data indicada, 1 de marzo de cada ano, non se procedera a establecer a distribución da xornada anual de traballo vixente na empresa, e para o caso de que tivera lugar, conforme ao horario de traballo, un exceso sobre a xornada anual de traballo efectiva, cada persoa traballadora disfrutará, como días inhábiles ou non laborables e retribuídos, os días que anualmente e de conformidade co seguinte acorde a Comisión Negociadora ou Paritaria do Convenio, incluídos, no caso de seren laborables, os días 24 e 31 de decembro:

Año 2022.- 3 días inhábiles ou non laborables retribuídos ao 100% do salario real do persoal traballador, sinalándose ao efecto os seguintes:

- * 16 de maio de 2022
- * 31 de outubro de 2022
- * 7 de decembro de 2022

Año 2023.- 5 días inhábiles ou non laborables retribuídos ao 100% do salario real do persoal traballador, sinalándose ao efecto os seguintes:

- * 24 de Julio de 2023
- * 14 de Agosto de 2023
- * 13 de Octubre de 2023
- * 7 de Diciembre de 2023
- * 26 de Diciembre de 2.023

Dende o ano 2024, a Comisión Paritaria sinalará días inhábiles ou non laborables en número suficiente para que, computada a xornada a razón de 8 horas diarias polo número de días laborables anuais, non teña lugar exceso da xornada máxima anual.

Os días sinalados para as anualidades 2022 e 2023 se fixarán con independencia de que, por exceso de xornada, o personal traballador teña dereito a outros descansos.

No caso de que, por razóns organizativas ou de necesidade de atención ou asistencia ao público, o persoal traballador teña que prestar servizos nas datas sinaladas pola Comisión Paritaria, as empresas terán que substituír o disfrute do descanso nas datas sinaladas por outro tempo de descanso equivalente de mutuo acordo coa representación legal dos traballadores, de habela, ou noutro caso co propio traballador e deixándose constancia do cambio no calendario laboral da empresa. En caso de desacordo entre as partes ao sinalar o tempo de descanso equivalente, calquera delas poderá someter a controversia á Comisión Paritaria do Convenio”.

TERCERO.- Remitir a través del REGCON la presente Acta y la documentación adjunta a la Consellería de Empleo e Igualdade para que sea supervisado y se proceda a su remisión para publicación al BOP de Lugo.

CUARTO.- Habilitar y autorizar expresamente a D. ADRIÁN NÚÑEZ FERNÁNDEZ, con DNI nº 33344942-W, para que realice las gestiones necesarias a los efectos proceder a la tramitación, depósito y publicación de los acuerdos adoptados en el BOP a través del REGCON, así como realice las subsanaciones que resulten procedentes.

Y en prueba de conformidad se firma la presente acta por los integrantes de la Comisión Mixta Deliberadora, en el lugar y fecha expresados en el encabezamiento.

Fdo.: Angeles Vila Cajete

Fdo.: Laura Lozano Hermida

Fdo.: Nuria Rodríguez Arias

Fdo.: Luis Rodas Garcia.

Fdo.: Diego Ferreiro Morado

Fdo.: Alfonso Losada Rodríguez

Fdo.: Carlos García Vázquez

Fdo.: Diego José Chao Rubal

R. 3440

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

RRHH-SELECCIÓN PROMOCIÓN E CARREIRA

Anuncio

PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 28 DE NOVEMBRO DE 2022 POLA QUE SE DECLARAN CADUCADAS VARIAS LISTAXES DE PERSOAS ASPIRANTES QUE PARTICIPARON EN PROCESOS SELECTIVOS NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS TEMPORAIS.

A presidencia de Deputación Provincial de Lugo, o 28 de novembro de 2022 ditou, entre outras, a seguinte resolución:

“A Administración Pública ten encomendadas múltiples e variadas funcións que levan a cabo empregados públicos de diferentes ámbitos profesionais.

A relevancia e incidencia social das funcións encomendadas á Administración Pública fai necesario dar resposta á esixencia de que as persoas empregadas, que deben levar adiante, no ámbito de execución e operativas, as citadas funcións públicas sexan as máis axeitadas posibles e, para o dito fin, deben ser seleccionadas conforme a procedementos rexidos polos principios de mérito e capacidade.

Así mesmo, ao ser a Administración Pública a xestora dos intereses sociais xerais, os procedementos para o ingreso nela terán que respectar os principios de igualdade de toda a cidadanía no acceso aos postos convocados, a cuxo fin deberase dar a estes procesos a publicidade necesaria.

En definitiva, os procesos de acceso ao emprego público deben garantir os principios que se proclaman nos artigos 23.2 e 103.3 da Constitución.

Dende o ano 2007, na Deputación Provincial de Lugo, coa finalidade de facer compatible o cumprimento dos ditos principios, que deben rexer o proceso de acceso ao emprego público, e a resposta áxil, máxime nestes momentos que se debe acreditar a prioridade e urxencia, ás necesidades de incorporar persoal con carácter temporal para atender situacións conxunturais, previa consulta e negociación coas representacións do cadro de persoal, aprobáronse e puxéronse en funcionamento uns criterios que permiten a formación de listaxes de emprego temporal con aspirantes que, ou ben participaron en procesos selectivos para persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo que tendo superado as probas dos ditos procesos non resultasen seleccionados, ou ben se presentaron a procesos selectivos para constituír expresamente bolsas de carácter temporal por necesidades urxentes de persoal non habendo aspirantes que se tivesen presentado a ofertas de emprego ou ben porque nunca se tivesen feito ofertas de emprego por ser especialidades novas dentro dos servizos prestados pola entidade.

Co dito sistema deuse resposta ás necesidades da organización de mellorar a súa capacidade de resposta ás esixencias do servizo e de incrementar a eficiencia ao evitar a reiteración de procesos selectivos, innecesariamente, e así aforrar en procesos selectivos “ad hoc” para persoal interino ou contratado temporal; e tamén supuxo un beneficio para as persoas aspirantes que aprobaron os distintos exercicios, xa que non ven perdidos todos os esforzos de preparación do proceso selectivo, e axuda a romper o círculo vicioso de que para traballar é necesario experiencia e de que se non se traballa non se pode adquirir.

Con todo a duración das citadas listaxes non pode ser longa pois podería entrar en conflito cos principios enunciados anteriormente, en particular o principio de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego público, se as ditas listaxes de emprego temporal e interino creasen unha bolsa de traballo que, sendo en orixe conxunturais, acabasen adquirindo notas de estruturalidade, en canto ás persoas integrantes, xa que ademais suporía a perda da oportunidade de renovar as competencias profesionais derivadas da incorporación de novas persoas aspirantes con coñecementos máis actualizados, por ter cursado novas titulacións, en definitiva, con capacidades adquiridas a través dun sistema educativo, en permanente evolución. Por outra banda cabe salientarse que, ao terse producido nos últimos anos importantes modificacións na normativa legal que afecta ás Entidades Locais, resulta necesario asegurar que o persoal aspirante ao desempeño de determinado tipo de empregos públicos na Entidade provincial, nos que a actualización normativa é un requisito moi importante, está ao día nos novos requirimentos de coñecementos e saber facer derivados das citadas modificacións legais.

Por tal motivo, tanto nos criterios aprobados inicialmente polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos temporais na Deputación Provincial de Lugo, como nas modificacións e refundicións, aprobadas por resolución da Presidencia, de 29 de setembro do 2009, de 16 de decembro do 2011, e de 14 de febreiro de 2019,

Analizadas as listaxes, que a día de hoxe están vixentes na Entidade Provincial, nas que se pode constatar que algunhas delas, ou ben carecen de persoas aspirantes en disposición de seren chamadas, ou ben teñen unha vixencia superior a 3 anos.

Tendo en conta o establecido pola normativa de aplicación, propoño que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, a presidencia **RESOLVA**:

1º.- Declarar caducadas, con efectividade do día seguinte ó da publicación do decreto no Boletín Oficial da Provincia, as seguintes listaxes de aspirantes de emprego temporal:

CATEGORÍA	DATA DECRETO DE APROBACIÓN LISTAXES	MOTIVACIÓN
A.T.S.	28/03/2019 03/12/2019	Superación período 3 anos e non hai aspirantes.
Axente de emprego	03/04/2019	Superación período de 3 anos
Enxeñeiro/a Técnico/a de Obras Públicas	09/06/2017 10/05/2019	Superación período de 3 anos
Técnico/a Protocolo	03/08/2021	Non haber aspirantes dispoñibles na listaxe.

2º. Publicar no Boletín Oficial da Provincia, para xeral coñecemento e demais efectos, esta resolución.”

O que se da publicidade en cumprimento do art. 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, coa indicación de que a presente resolución pon fin a vía administrativa polo que contra esta cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a presidencia da Deputación Provincial no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ou recurso contencioso - administrativo ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora da devandita xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Lugo, 29 de novembro de 2022.- O secretario xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 3504

CONCELLOS

BÓVEDA

Anuncio

LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO EXPEDIENTE DE SELECCIÓN PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE ADMINISTRATIVO/A - ADXUNTO A INTERVENCIÓN (OEP 2022), FUNCIONARIO DE CARREIRA DO CONCELLO DE BÓVEDA.

De conformidade co expediente de provisión dunha praza vacante de Administrativo/a - Adxunto de Intervención, subgrupo C1 (OEP 2022), a xornada completa (100%), en réxime como funcionario/a de carreira mediante concurso-oposición, regulado nas Bases aprobadas por Resolución de Alcaldía - Presidencia número 2022-0533, de data 05/10/2022, publicadas integramente no BOP de Lugo núm. 231, de 08/10/2022, así como anuncio da convocatoria no DOG núm. 194, de 11/10/2022, e BOE núm. 245, de 12/10/2022.

Vista a Resolución de Alcaldía núm. 2022-0631 de data 11/11/2022 aprobando a lista provisional de admitidos/as e excluído/as do dito proceso selectivo, publicado no BOP de Lugo núm.261 de data 15/11/2022, concedendo un prazo de dez (10) días hábiles para formular reclamacións á lista provisional ou emendar erros.

Rematado o prazo de subsanación e analizada a documentación aportada polas persoas candidatas, tendo en conta a competencia que me atribúe o artigo 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

RESOLVO

Primeiro.- Aprobar a seguinte relación definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as:

ADMITIDOS/AS:

APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN GALEGO	IDIOMA EXAME ELIXIDO
ÁLVAREZ RODRÍGUEZ, MARÍA JESÚS	**26616**	SI	CASTELÁN
ARIAS DOAMO, PALOMA	**26747**	SI	CASTELÁN
ANDIÓN PENA, NANCY	**54822**	SI	CASTELÁN
ARIAS GARCÍA, MARÍA JESÚS	**26664**	SI	CASTELÁN
BERMÚDEZ GONZÁLEZ, PILAR	**41055**	SI	CASTELÁN
CASTRO BLANCO, SILVIA	**18534**	SI	CASTELÁN
CASTRO CARPINTERO, ANTONIO	**42053**	NON AUTENTICADO	CASTELÁN
DÍAZ MIRÁS, M ^a DEL CARMEN	**80717**	SI	CASTELÁN
DOMÍNGUEZ DOMÍNGUEZ, M. ^a BEATRIZ	**81529**	SI	CASTELÁN
FERNÁNDEZ COPA, JOSÉ ALBERTO	**98791**	SI	CASTELÁN
GÓMEZ SÁNCHEZ, JOSE MANUEL	**99776**	SI	CASTELÁN
JORGE CAO, MARÍA JESÚS	**26389**	SI	CASTELÁN
LÓPEZ RODRÍGUEZ, YANET	**26804**	SI	CASTELÁN
LOSADA VALDES, YOLANDA	**27256**	SI	GALEGO
MONTOUTO BUIDE, ANA MARÍA	**33822**	SI	CASTELÁN
NEIRA GÓMEZ, MÓNICA	**55572**	SI	CASTELÁN
REIGOSA LOMBAO, AGOSTIÑO	**55500**	SI	CASTELÁN
RELLO LÓPEZ, OSCAR	**26433**	SI	GALEGO
RIOJA MIGUEZ, DAVID	**34546**	SI	CASTELÁN
RODRÍGUEZ CABAÑAS, MIGUEL	**33652**	SI	CASTELÁN
RODRÍGUEZ LOSADA, MIRIAM	**26867**	SI	CASTELÁN
RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, DIEGO	**27475**	NON ACREDITA CELGA 4	CASTELÁN
SAA RODRÍGUEZ, ADRIÁN	**27038**	NON ACREDITA CELGA 4	GALEGO
SÁNCHEZ EIREOS, JUAN JOSÉ	**26422**	SI	CASTELÁN
SOMOZA GONZALEZ, ISABEL	**27138**	SI	CASTELÁN
VILAR REBOEIRAS, VERÓNICA	**47562**	SI	CASTELÁN

EXCLUÍDOS/AS:

APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN GALEGO	MOTIVO DA EXCLUSIÓN
GARABAL NEVES, CRISTINA	**90845**	NON AUTENTICADO	NON AUTENTICADO: - DNI -TITULACIÓN REQUERIDA
NUÑEZ GARCÍA, TATIANA MARÍA	**30316**	NON AUTENTICADO	NON AUTENTICADO: - DNI
OLIVA SOMOZA, LUCÍA	**27359**	NON AUTENTICADO	NON APORTA: -ANEXO II - DNI AUTENTICADO NON AUTENTICADO: -TITULACIÓN REQUERIDA
OLIVA SOMOZA, M ^a DEL PILAR	**27045**	NON AUTENTICADO	NON APORTA: -ANEXO II - DNI AUTENTICADO NON AUTENTICADO: -TITULACIÓN REQUERIDA (E FALTA REVERSO)
ORDOÑEZ PÉREZ, STEPHANIE	**37501**	NON AUTENTICADO	NON AUTENTICADO: -TITULACIÓN REQUERIDA - DNI NON APORTA -ANEXO II MODELO NORMALIZADO
PENERBOSA GARCÍA, LUCÍA	**41768**	SI	-TITULACIÓN REQUERIDA (E FALTA REVERSO)
REBOLO MAGARIÑOS, DAVID	**09402**	NON AUTENTICADO	NON AUTENTICADO: -TITULACIÓN REQUERIDA (E FALTA REVERSO) - DNI (E FALTA REVERSO)
SANTÍN CASTRO, HUGO	**58211**	NON AUTENTICADO	NON AUTENTICADO: - DNI (E FALTA REVERSO) TITULACIÓN REQUERIDA (E FALTA REVERSO)

Segundo.- Proceder a nomear aos seguintes empregados/as públicos, funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo, con titulación de nivel igual ou superior a esixida para o acceso ao posto ou praza, como membros do Tribunal de selección:

TRIBUNAL PROCESO SELECTIVO ADMINISTRATIVO/A-ADXUNTO A INTERVENCIÓN BÓVEDA FUNCIONARIO DE CARREIRA		
CARGO	TITULAR	SUPLENTE
PRESIDENTE	D. Juan Hernando Rosa Ruiz (<i>Secretario-Interventor da Agrupación de Concellos de Bóveda e O Incio, Lugo</i>)	D ^a Ana Belén Castro Gil (Administrativa do Concello de O Incio, Lugo)
SECRETARIO	Dna. Purificación Freán Caldas (Administrativa do Concello do Incio, Lugo)	D ^a . Luisa González Maceda (Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Pobra de Brollón, Lugo)
VOGAL 1	D ^a María del Pilar Tella Mazoy (Administrativa do Concello de Ribeira de Piquín, Lugo)	D ^a . Nadia Díaz Vázquez (Secretaria-Interventora da Agrupación de Concellos Taboada-Guntín, Lugo)

VOGAL 2	D. Manuel Piñeiro López (Administrativo do Concello de Paradela, Lugo)	D. José Manuel Rozas Bello (Xefe de Sección de Asuntos Xerais da Xefatura Territorial da Consellería de Infraestructuras e Mobilidade , Lugo)
VOGAL 3	D ^a María José López Morgade (Administrativa do Concello de Pobra de Brollón, Lugo)	D ^a . M ^a Cristina González Santín (Tesoureira do Concello de Monforte de Lemos, Lugo)

Terceiro.-Convocar ao citado Tribunal para o venres 02/12/2022 ás 09:00 horas no Salón de Plenos do Concello de Bóveda aos efectos da súa constitución e a valoración de méritos dos/as candidatos/as que figuran na lista definitiva de admitidos/as.

Así mesmo, convocar ao citado Tribunal para o luns 05/12/2022 ás 09:00 horas e para o venres 09/12/2022 ás 10:30 horas, no Salón de Plenos do Concello de Bóveda para a realización e valoración da proba de galego e dos exercicios da fase de oposición, primeiro exercicio tipo test e segundo exercicio de carácter práctico, respectivamente.

Cuarto.- Convocar ás persoas aspirantes incluídas na lista definitiva de admitidos/as, que non acreditan o coñecemento do Galego, para realizar a proba escrita correspondente, ás 09:30 horas do luns 05/12/2022, no Salón de Plenos do Concello de Bóveda.

Quinto.- Convocar aos aspirantes admitidos ao citado proceso selectivo que acreditan o coñecemento do Galego, así como aos que, estando admitidos e non o acreditan superasen a proba do galego, ás 10:00 horas do luns 05/12/2022 para a realización do primeiro exercicio (tipo test) da fase de oposición no Salón de Plenos do Concello de Bóveda.

Sexto.- Convocar ás persoas candidatas que superen o primeiro exercicio da fase de oposición, para o venres 09/12/2022 ás 11:00 horas no Salón de Plenos do Concello de Bóveda, aos efectos da realización do segundo exercicio (práctico).

Sétimo.- Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro físico e na sede electrónica deste Concello (<https://concellodeboveda.sedelectronica.es>) .

Bóveda, 30 de novembro do 2022. O Alcalde, D. José Manuel Arias López.

R. 3505

CARBALLEDO

Anuncio

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 17 de novembro de 2022 aprobouse o padrón fiscal do servizo de abastecemento, saneamento e depuración de augas do Concello de Carballedo correspondente ó terceiro trimestre do exercicio 2022.

O importe total do padrón ascende a vinte e un mil noventa e oito euros e doce céntimos (**21.098,12€**), sendo o período voluntario de cobro dende o **desde día 28 de novembro de 2022 ao 30 de xaneiro de 2023** ámbolos dous inclusive de conformidade co previsto nos arts.12 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 62.3 da Lei xeral tributaria.

O resumo do padrón é o seguinte:

CONCEPTO: Taxa polo abastecemento e saneamento de augas.

PERIODO. 3º trimestre 2022.

NÚMERO DE PÁXINAS: 40

NÚMERO DE RECIBOS: 613

PRIMEIRO SUXETO PASIVO: LÓPEZ NAVAL, HERMINIO

ULTIMO SUXEITO PASIVO: COUSO GONZÁLEZ, JOSÉ

IMPORTE TOTAL: **Auga 15.038,80€; IVE: 1.503,88€; Canon Xunta Cota fixa: 1.556,61€; Canon Xunta Cota Variable: 2.998,83€.** Total importe padrón: **21.098,12€.**

Procédese á exposición pública de dito Padrón durante o prazo de quince días a partir da publicación do anuncio de cobro no Boletín Oficial da Provincia, prazo durante o cal dito padrón estará á disposición dos interesados no concello para que poidan examinalo e presentar cantas reclamacións estimen oportunas.

Contra o acto de aprobación do Padrón poderá interporse recurso de reposición ante o Alcalde-Presidente no prazo dun mes a contar dende o seguinte ó da finalización do período de exposición pública do Padrón, de conformidade ó previsto no art. 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Carballedo, 18 de novembro de 2022.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 3441

GUITIRIZ

Anuncio

Aprobación do prezo público por subministro de recarga eléctrica en puntos de recarga municipal.

Conforme o disposto nos artigos 41, 47 e 127 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público a efectos de coñecemento xeral e publicidade que o Pleno da Corporación na sesión extraordinaria celebrada o día 10 de novembro de 2022 acordou o establecemento do prezo público por subministro de recarga eléctrica en puntos de recarga municipal, co seguinte tenor literal:

“ACORDO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO POR SUBMINISTRO DE RECARGA ELÉCTRICA EN PUNTOS DE RECARGA MUNICIPAL.

Artigo 1. Concepto.

De conformidade co previsto no artigo 127, en relación co artigo 41, do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o prezo público para o servizo de recarga de vehículos eléctricos prestado desde os diferentes puntos de recarga situados en vía pública e dos que é titular o Guitiriz.

Artigo 2. Obrigados ao pago.

Están obrigados ao pago do prezo público regulado nesta normativa quen se beneficie dos servizos prestados por este Concello, a que se refire o artigo anterior, utilizando os citados puntos de recarga para o seu uso propio.

Artigo 3. Contía e modificación.

3.1 A contía do servizo de recarga de vehículos eléctricos fíxase en base ao prezo unitario da enerxía eléctrica realmente transvasada desde o punto de recarga ao vehículo eléctrico ao que se lle presta o servizo.

- Servizo de Recarga 0,25 €/kW·h

3.2 A competencia para a modificación da contía do prezo público ao que se refire a presente ordenanza encoméndase á Xunta de Goberno Local, de conformidade coa facultade regulada no artigo 47.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

A modificación realizarase a proposta da alcaldía, debendo constar, como mínimo:

- Unha memoria económico financeira da que se deduza que o importe do prezo público cubre, como mínimo, o custe do servizo ou, de ser o caso, a porcentaxe do mesmo que será asumido con cargo aos orzamentos municipais.

- O importe da tarifa modificada.

- A xustificación razoada das razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que, de ser o caso, aconsellen a fixación dos prezos públicos por debaixo do custe do servizo.

Artigo 4. Pagamento.

A obriga de pago do prezo público regulado neste acordo nace dende que se inicie a prestación do servizo de recarga de vehículos eléctricos, é dicir, co transvasamento de enerxía do punto de recarga ao vehículo correspondente ao que lle presta o servizo.

Artigo 5. Xestión e pago.

As cotas pola prestación do servizo de recarga serán as resultantes do produto do prezo público establecido no artigo 3 pola enerxía eléctrica realmente transvasada, e medida en kW·h a través do contador eléctrico no punto de recarga.

Os interesados en recargar o seu vehículo eléctrico nos puntos de recarga municipais deberán acceder ao subministro a través das plataformas habilitadas, identificándose e utilizando a pasarela de pago que se habilite ao efecto.

Unha vez acabada a carga, é obrigatorio retirar o vehículo, permitindo a carga doutro vehículo e no seu caso de non facelo, poderase multar pola autoridade competente, dado que a reserva de aparcamento é soamente para vehículos en proceso de carga ou que non excederan o tempo máximo marcado.

Disposicións finais.

Primeira. Para o non previsto no presente acordo regulador estarase ao disposto no Real decreto 2/2004,, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Segunda. O presente acordo entrará en vigor e comezará a aplicarse a partir da súa publicación no Boletín oficial da Provincia e continuará vixente ata tanto se acorde a súa derogación ou modificación expresa.”

Guitiriz, 18 de novembro de 2022.- A alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 3442

Anuncio

Convocatoria para a selección de 1 administrativo/a funcionario/a de carreira mediante concurso dentro do proceso de estabilización de emprego temporal. Expte: 449/2022.

Por acordo de Xunta de Goberno Local da alcaldía en data 16/11/2022 aprobáronse as bases reguladoras do proceso de selección de 1 administrativo/a funcionario de carreira dentro do proceso de estabilización de emprego temporal:

<< BASES E CONVOCATORIA REGULADORAS DO PROCESO PARA A SELECCIÓN DE 1 ADMINISTRATIVO/A FUNCIONARIO DE CARREIRA MEDIANTE CONCURSO (ESTABILIAZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL).

1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA E RÉXIME DE PUBLICACIÓNS.

Constitúe o obxecto da presente convocatoria establecer as bases que terán que rexer o proceso selectivo para a selección dun funcionario/a administrativo/a de Sección Económica, en execución da OEP 2019 dentro do proceso de estabilización de emprego temporal do art. 19. LPXE 18 e DO ART. 28 LEPG, seguindo os criterios comúns para a aplicación do proceso de estabilización derivado da LOXE de 2017 e disposición adicional sexta da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, negociados polo Goberno central e os Sindicatos maioritarios a nivel estatal, e polo goberno municipal cos representantes dos traballadores do Concello de Guitiriz.

O persoal seleccionado estará suxeito ao réxime funcional como “funcionario/a de carreira” conforme ao artigo 9 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por RDL 5/2015, de 30 de outubro, e os artigos 21 e seguintes da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.

A presente convocatoria e bases será obxecto de publicación no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios, na páxina web (concellodeguitiriz.com) e na sede electrónica do Concello de Guitiriz (guitiriz.sedelectronica.gal). Tamén será publicado un anuncio da convocatoria no DOGA e no BOE e o prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da convocatoria no BOE.

O listado de admitidos e excluídos definitivo do proceso selectivo serán publicados no taboleiro de anuncios e na páxina web ou sede electrónica do Concello de Guitiriz.

2ª.- REQUISITOS DOS/DAS ASPIRANTES.

Para tomar parte no proceso selectivo será necesario cumprir os requisitos seguintes:

- Idade: ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Nacionalidade: ser de nacionalidade española ou de nacionalidade dalgún dos demais estados aos que se refire e nas condicións que establece o artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do Estatuto básico do empregado público.
- Capacidade: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións. As persoas con discapacidade deberán aportar certificación do correspondente organismo e solicitar na instancia as adaptacións e axustes razoables de tempo ou medios para as probas do proceso selectivo.
- Habilitación: esíxese non estar separado/a do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. Os/as aspirantes que non tiveran a nacionalidade española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos/as a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.

- Titulación: esíxese estar en posesión do título de Bacharelato Superior, F.P. II grado ou titulación equivalente, ou outras superiores.
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das correspondentes funcións.
- Acreditación do coñecemento do galego mediante Celga III. No caso de non poder acreditado o tribunal establecerá unha proba escrita ou oral na que se demostre o seu coñecemento. cualificarase como apto/non apto.

Todos os requisitos relacionados con anterioridade posuiranse polo/a aspirante no momento de rematar o prazo de presentación de instancias, debendo de continuar en posesión dos mesmos ata o momento de formalización do nomeamento.

3ª.- INSTANCIAS.

3.1.- Modelo de solicitude.

Quen desexe formar parte no proceso para a selección do posto deberá cumprimentar a solicitude de participación no modelo oficial de instancia (ANEXO I).

Dita instancia dirixirse á Sra. Alcaldesa-Presidenta do Concello de Guitiriz, farase constar que reúne todos os requisitos esixidos na base terceira da convocatoria e acompañaranse obrigatoriamente os seguintes documentos:

- a) Fotocopia do D.N.I. en vigor do/a aspirante.
- b) Xustificante de pago da taxa de participación.
- c) Xustificante da titulación esixida.

Documentos optativos:

- d) Celga III
- e) Relación dos méritos alegados para a súa baremación na fase de concurso segundo a orde de baremación establecida en cada un dos apartados, indicando a puntuación que o/a aspirante entende que lle corresponde consonte as bases.
- f) Documentación acreditativa dos méritos alegados.

Os méritos alegados e non acreditados documentalmente dentro do prazo de presentación de instancias non serán tidos en conta polo Tribunal Cualificador.

Non será necesaria a compulsa dos documentos que se presenten fotocopiados, bastando a declaración xurada do interesado sobre a autenticidade dos mesmos, así como dos datos que figuran na instancia, sen prexuízo de que, en calquera momento, o Tribunal ou os órganos competentes do Concello de Guitiriz poidan requirir ós/ás aspirantes que acrediten a veracidade das circunstancias e documentos aportados.

3.2.- Taxa de participación.

As taxas de participación no proceso serán abonadas mediante transferencia bancaria:

- g) Número de conta do Concello: ABANCA ES20/2080/0122/4631/1000/0022.
- h) Importe: 16 euros (conforme á Ordenanza fiscal núm.4 BOP Lugo 7/01/2008).
- i) Concepto a sinalar: "Taxa proceso selectivo administrativo S. Económica" e o DNI do/a aspirante.

As taxas só serán devoltas se o/a aspirante non é admitido ao proceso selectivo, é dicir, se resulta excluído/a definitivamente.

3.3. – Prazo de presentación.

O prazo de presentación de instancias será de 20 días, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOE.

3.4.- Medio de presentación.

As instancias será presentadas no Rexistro Xeral do Concello de Guitiriz ou ben nos lugares e na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3.5. – Rectificación de erros materiais, de feito ou aritméticos.

Os erros materiais ou de feito e os aritméticos que se puidesen advertir, poderanse rectificar en calquera momento, de oficio ou a petición do/a interesado/a.

3.6.- Consecuencias da presentación da instancia.

A presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo supón a aceptación e acatamento de todas e cada unha das bases desta convocatoria, así como o consentimento do/a solicitante para o tratamento dos seus

datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección e a exposición nos taboleiros de anuncios e web municipal de todo o relacionado co proceso selectivo.

Se en calquera momento do proceso selectivo chegase a coñecemento do Tribunal que algún/ha aspirante non cumpre todos os requisitos esixidos na convocatoria deberá propor a súa exclusión á alcaldía, previa audiencia do/a interesado/a, indicando as inexactitudes ou falsidades formuladas na solicitude de participación.

A autoridade convocante, por si ou a proposta do Tribunal, deberá dar conta aos órganos competentes das inexactitudes ou falsidades en que puidesen incorrer os/as aspirantes para os efectos procedentes.

4ª.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

4.1.- Lista provisional de admitidos/as e excluídos/as.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Sra. Alcaldesa ditará resolución declarando aprobada a lista provisional de admitidos/as, así como a de excluídos/as xuntamente coas causas que motivaron a exclusión.

4.2.- Reclamacións á lista provisional.

Perante o prazo de 10 días, de conformidade co previsto no art. 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, poderanse corrixir os defectos a que se alude no referido artigo, e formular reclamacións á lista provisional.

De non presentar a solicitude de rectificación ou reclamación no indicado prazo, o/a aspirante excluído/a decaerá no seu dereito, sendo excluído definitivamente.

4.3.- Lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as.

Se non se presentasen reclamacións á lista provisional considerarase definitiva.

No suposto de existir reclamacións, estas serán aceptadas ou rexeitadas na mesma resolución da Sra. Alcaldesa pola que se aprobe a lista definitiva dos admitidos/as e excluídos/as, se sinala a composición do tribunal cualificador e a data, hora e lugar para valoración de méritos.

5ª.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

5.1.- Composición do Tribunal.

O Tribunal cualificador estará constituído, respectando o establecido no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do EBEP:

- j) Presidente/a: o/a funcionario/a que se nomee do mesmo grupo de titulación ou superior.
- k) Secretario/a: o/a secretario/a da Corporación ou funcionario/a da Corporación en que delegue.
- l) Vogais: tres vogais designados/as pola Alcaldía entre funcionarios/as do mesmo grupo de titulación ou superior.

5.2.- Abstención e recusación do Tribunal.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles algunhas das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, os/as interesados/as poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada norma.

5.3.- Constitución e actuacións do Tribunal.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, cando menos, de tres dos seus membros.

5.4.- Acordos do Tribunal.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes todas as dúbidas e propostas que xurdan para a aplicación das bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante o proceso selectivo, así como adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde do concurso en todo o que non estea previsto nas bases.

Os acordos serán impugnables nos supostos e forma establecidos na Lei 39/2015.

5.5.- Aesores do Tribunal.

O Tribunal poderá dispoñer da incorporación aos seus traballos de asesores especialistas cando as circunstancias así o aconsellen.

5.6.- Dereitos económicos do Tribunal.

Os membros do Tribunal terán dereito a asistencias pola súa participación nas sesións do Tribunal de acordo co disposto no artigos 1.1d) e 27.1b), 29 e 30.1 e Anexo IV do RD 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

6ª.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

O procedemento de selección será o de concurso consistirá na realización dunha única fase de concurso.

A puntuación total de cada aspirante virá determinada pola suma dos puntos acadados na fase de concurso, cun total de entre 0 e 100 puntos.

6. Fase de concurso (puntuación máximo de 100 puntos)

Consistirá na valoración dos seguintes méritos:

- **Experiencia profesional (puntuación máxima de 60 puntos)**

- Por cada mes completo de servizos prestados na administración convocante como persoal funcionario interino no mesmo corpo ou escala ; ou como persoal laboral temporal na categoría profesional do mesmo posto de traballo ao que aspira: 0,50 puntos.
- Por cada mes completo de servizos prestados na administración convocante como persoal funcionario interino no corpo ou escala similar ou superior ; ou como persoal laboral temporal na categoría profesional similar ou superior do posto de traballo ao que aspira: 0,40 puntos.
- Por cada mes completo de servizos prestados en outras administracións locais distintas da administración convocante como persoal funcionario interino no mesmo corpo ou escala; ou como persoal laboral temporal na categoría profesional do posto de traballo ao que aspira: 0,25 puntos.
- Por cada mes completo de servizos prestados en outras Administracións públicas distintas da administración convocante como persoal interino no corpo ou escala similar ou superior; ou como persoal funcionario laboral temporal na categoría profesional similar ou superior do posto de traballo ao que aspira: 0,20 puntos.

En caso de contratación a tempo parcial valoraranse os servizos prestados de forma proporcional.

Para acreditar a experiencia laboral será necesario presentar informe da vida laboral e certificado ou documento que acredite de maneira irrefutable os servizos prestados, no que deberá constar a especialidade e categoría profesional, e data de inicio e finalización. Si se tratase de servizos prestados na administración convocante, expedirse de oficio o certificado de servizos prestados polo departamento de persoal, non sendo necesaria a petición do/a interesado/a

B. Formación (puntuación máxima de 40 puntos)

- Valoraranse os títulos e cursos de formación e perfeccionamento recibidos relacionados coas funcións a desenvolver, impartidos por organismos ou institucións oficiais dependentes das Administracións públicas ou homologados por estas, sempre que non sexan requisitos da base terceira das presentes bases, do seguinte xeito:
- Puntos por hora; 0,08.

Non se valorarán máis de unha edición correspondente a un mesmo curso nin os pertencentes a unha carreira universitaria, as materias ou créditos que formen parte dunha titulación académica, ou de un doutorado. Non se valorarán os cursos ou estudos que non especifiquen o número de horas realizadas polos/as aspirantes

7ª.- RESOLUCIÓN DO PROCESO SELECTIVO.

7.1.- Celebración da fase de concurso.

Unha vez efectuada polo Tribunal a valoración dos méritos publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello a puntuación obtida na fase do concurso, a efectos de posibles reclamacións durante un prazo de tres días hábiles.

As reclamacións, no caso de existir, serán resoltas polo Tribunal.

7.2.-Resolución do proceso e nomeamento como funcionario/a.

O Tribunal elevará a proposta, á Sra. Alcaldesa para que proceda á resolución do expediente de selección de persoal e ao nomeamento como funcionario/a, ditando e notificando a oportuna resolución.

O Tribunal non poderá declarar que superaron a selección un número superior de aspirantes ao do posto convocado. Calquera proposta de aprobados que contraveña ó anteriormente establecido será nula de pleno dereito.

En caso de empate na puntuación total, dirimirase pola seguinte orde:

- 1º Maior puntuación da persoa aspirante na fase de concurso no conxunto dos apartados 6A)1 e 6A)2 da experiencia.
- 2º Maior puntuación da persoa aspirante na fase de concurso no conxunto dos apartados 6A)3 e 6A)4 da experiencia

3º Maior puntuación da persoa aspirante no apartado 6B) formación.

4ª No caso de que persista o empate decidírase por sorteo público.

A convocatoria realizada implica que se a traballadora adscrita á praza que se convoca para a súa cobertura en propiedade non se presentase ao proceso selectivo, ou non o superase, verá extinguida a súa relación laboral co Concello de Guitiriz, percibindo a compensación económica recollida no artigo 2.6 da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público

A non participación do candidato ou candidata no proceso selectivo de estabilización non dará dereito a compensación económica en ningún caso.

No Decreto de alcaldía de nomeamento como funcionario para praza de administrativo/a da Sección Económica, da persoa que supere o proceso selectivo, comunicárase o cese, no seu caso, á traballadora adscrita que non superase o proceso selectivo.

8ª.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS PARA O NOMEAMENTO.

O/a aspirante seleccionado/a no prazo de vinte días naturais contados dende o día seguinte a aquel no que se fíxese pública a lista de aprobados, deberá presentar na secretaría do Concello de Guitiriz, os seguintes documentos, agás os que xa obren no expediente:

- a) Copia autenticada, ou fotocopia que deberá presentarse co orixinal para a súa compulsa, do D.N.I.
- b) Copia autenticada, ou fotocopia que deberá presentarse acompañada do orixinal para a súa compulsa, do título esixido na convocatoria.
- c) Certificación médica acreditativa de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións do posto de traballo.
- d) Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non haber sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo ás Administracións Públicas, nin se atopar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- e) Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.

Quen dentro do prazo sinalado, agás nos casos de forza maior, non presentase a documentación esixida, non poderá ser nomeado/a, sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incorrer por falsidade da solicitude de participación.

9ª.- ADQUISICIÓN DA CONDICIÓ DE FUNCIONARIO DE CARREIRA.

Pola Sra. Alcaldesa-Presidenta do Concello de Guitiriz nomearase mediante resolución ó/á aspirante proposto/a polo Tribunal.

O/a aspirante nomeado/a deberá tomar posesión no prazo de cinco días naturais, a contar dende o seguinte ó que lle sexa notificado o citado nomeamento, debendo prestar previamente xuramento ou promesa, de conformidade co establecido R.D. 707/1979, do 5 de abril.

10ª.- LEXISLACIÓN E NORMA FINAL.

En todo o non previsto nestas bases, serán de aplicación ás probas selectivas as seguintes disposicións: Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local; Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril; Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por R.D.Lex. 5/2015, de 30 de outubro; Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia; Lei 5/1997, de 22 de xuño, da Administración Local de Galicia. Serán tamén de aplicación o R.D. 896/91, do 7 de xuño, de regras básicas e programas mínimos; o R.D. 364/1995, de 10 de marzo, Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal Administración da Comunidade Autónoma de Galicia; Lei 20/2021 de 28 de decembro de medidas urxentes para a redución da temporalidade en emprego público a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e o e tódalas demais normas de xeral aplicación para estes supostos.

As presentes bases, así como cantas actos administrativos se deriven delas e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

ANEXO I.- MODELO DE INSTANCIA**SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA SELECCIÓN DE 1 ADMINISTRATIVO DE SECCIÓN ECONÓMICA COMO FUNCIONARIO/A DE CARREIRA**

D/Dona , con D.N.I.
 núm. e domicilio no municipio de
, na rúa
, n.º, piso, C.P.
, teléfono e enderezo electrónico

Informado/a da convocatoria para 1 administrativo de Sección Económica como funcionario de carreira do Concello de Guitiriz, mediante o sistema de concurso (estabilización de emprego temporal), de acordo ás bases publicadas no B.O.P. n.º de data e no B.O.E. n.º de data que declara coñecer e aceptar.

Declara responsablemente que cumpre todos os requisitos esixidos na cláusula 3.^a das bases, comprometéndose a achegar os documentos acreditativos destes no suposto de ser seleccionado e a continuar en posesión dos mesmos ata a formalización do contrato e SOLICITA:

1.- Ser admitido ao proceso de selección convocado, para o que achega:

- Fotocopia do D.N.I. en vigor.
- Xustificante de pago da taxa de participación.
- Xustificante da titulación esixida
- Relación dos méritos alegados para a súa baremación na fase de concurso segundo a orde de baremación establecida, indicando a puntuación que o/a aspirante entende que lle corresponde consonte as bases.
- Copia da documentación acreditativa dos méritos alegados.
- Celga

En, a de de 2022

Asdo.

Á SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE GUITIRIZ

Guitiriz, 23 de novembro de 2022.- A alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 3443

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRÓN FISCAL TAXA pola utilización da piscina municipal e demais instalacións anexas OUTUBRO 2022 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 14.11.2022 aprobouse o padrón da Taxa pola utilización da piscina municipal e demais instalacións anexas correspondente ao mes de outubro 2022.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral tributaria, notificanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación do padrón e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 02.12.2022 ata o 02.02.2023.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 15 de novembro de 2022.- O Alcalde, P.D Decreto de data 24.01.2022 A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 3444

Anuncio

APROBACION PADRONS AXUDA AO FOGAR BASICA E LEI DEPENDENCIA OUTUBRO 2022 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 14.11.2022 aprobáronse os padróns de prezos públicos Axuda ao Fogar Básica e Lei Dependencia mes de outubro de 2022.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, notificanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dos devanditos padróns dende o 02.12.2022 ata o 02.02.2023.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 15 de novembro de 2022.- O Alcalde, P.D Decreto de data 24.01.2022, A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 3445

MONTERROSO

Anuncio

Quedando definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos número 30 de 2022, dentro do vixente Orzamento municipal, por acordo adoptado en sesión celebrada o día **25 de outubro de 2022** polo importe de **douscentos cincuenta mil euros (250.000,00)** de acordo co preceptuado e en cumprimento ó disposto no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 05 de marzo de 2004, faise público que, despois de ser aprobado dito expediente, o resumo por capítulos do Estado de Gastos, do referido Orzamento queda da seguinte forma:

Cap. 1	Gastos de Persoal	1.843.873,79
Cap. 2	Gastos en bens correntes e servicios	1.503.357,09
Cap. 3	Gastos Financeiros	1.380,00
Cap. 4	Transferencias Correntes	100.644,07
Cap. 6	Inversións Reais	911.194,90
Cap. 7	Transferencias de Capital	3.000,00
Cap. 9	Pasivos Financeiros	37.143,20

SUMA TOTAL4.400.593,05 euros

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Monterroso, 24 de novembro de 2022.- A alcaldesa, Rocio Seijas Vázquez.

R. 3446

OUTEIRO DE REI

Anuncio

Bases específicas OEP extraordinaria estabilización 2022

En data 7 de outubro de 2022 aprobáronse, por Decreto de alcaldía, as seguintes bases que regularán as convocatorias dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Outeiro de Rei incluídas na Oferta de Emprego Público de 2022.

BASES CONCURSO OEP EXTRAORDINARIA ESTABILIZACIÓN 2022

PRIMEIRA.- CONTIDO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Estas Bases Xerais teñen por obxecto regular as convocatorias para cubrir as prazas de traballo vacantes no cadro de persoal laboral fixo do Concello de Outeiro de Rei relativas ao proceso de estabilización de emprego temporal de larga duración, de conformidade co disposto na Disposición Adicional Sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público

As especialidades de cada proceso selectivo: natureza e características dos postos, requisitos de titulación, exercicios e programa serán obxecto de regulación nas bases específicas de cada convocatoria.

SEGUNDA.- PRAZAS A CONVOCAR

As prazas vacantes que rexerán as presentes Bases son as previstas na oferta de emprego público de estabilización do emprego temporal de larga duración do ano 2022, aprobada por Resolución da Alcaldía 9/05/22 (BOP n.º 109, do 13/05/22; DOG n.º 95, do 18/05/22)

Previamente á publicación da convocatoria, se informará ao traballador/a afectado polo proceso de estabilización que se vai a convocar a súa praza e de que pode participar no referido proceso de selección.

O número de prazas vacantes, a súa denominación e características relaciónanse a continuación

Núm. de prazas	Denominación	Natureza	Subgrupo
1	Oficial 1º servizos múltiples	Personal laboral	E
2	Oficial 2º servizos múltiples	Personal laboral	E
1	Arquitecta técnica	Personal laboral	A2
1	Animadora socio-cultural	Personal laboral	C2
1	Monitor deportivo	Personal laboral	C2
1	ADL	Personal laboral	A1
1	Educadora familiar	Personal laboral	A2

TERCEIRA.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES

1. Con carácter xeral, para seren admitidos na realización destas probas selectivas os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, sen prexuízo do que establezan as respectivas bases específicas de ingreso:

- Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do TREBEP, respecto do acceso ó emprego público de nacionais doutros estados
- Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non superar, no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- Posuír ou estar en condicións de obter o título académico esixido nas bases específicas para ingresar na praza o día en que remate o prazo de presentación de instancias
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza ou posto a que aspira.
- Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario no que estivese separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público
- Posuír un título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua Galega correspondente a cada proceso de selección, que se especificará nas bases específicas. Os que non o acrediten deberán superar unha proba de coñecemento da lingua galega
- Cumprir os demais requisitos esixidos para o ingreso nas respectivas bases específicas

2. Todos os requisitos sinalados no apartado anterior deberán posuílos os aspirantes o día que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservalos na data do seu nomeamento como persoal laboral fixo.

CUARTA.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

1. O sistema de selección para acceder ás distintas prazas será o de concurso

Na fase de concurso comprobaranse e cualifícanse os méritos alegados polos aspirantes

QUINTA.- SOLICITUDES.

1. As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas convocadas deberán facelo constar mediante unha instancia dirixida á Alcaldía do Concello de Outeiro de Rei, cos datos persoais do solicitante co seu enderezo e a denominación da praza convocada á que opta, achegándolle unha fotocopia do documento nacional de identidade ou a tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns comunitarios e, no seu caso, da documentación acreditativa dos méritos alegados

2. Neste senso, na fase de concurso só se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmente dentro do prazo de presentación de instancias. Os aspirantes exentos do exame de galego deberán tamén facelo constar na súa instancia e xustificalo co certificado oficial correspondente

3. Para ser admitido nas probas selectivas correspondentes os aspirantes deberán manifestar nas súas solicitudes de participación que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na data en que remate o prazo de presentación.

4. As bases específicas incluírán o modelo de solicitude

5. No caso de equivalencia ou homologación de titulacións deberá xustificarse co certificado expedido polo organismo competente para establecelas. No caso de esixencia de habilitacións profesionais deberá acreditarse co correspondente certificado expedido polo organismo competente
6. O prazo para presentar as solicitudes será de 20 días naturais, contados a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria específica no Boletín Oficial do Estado.
7. A presentación de solicitudes poderá facerse ben presencialmente no Rexistro Xeral do Concello de Outeiro de Rei ou a través da sede electrónica do Concello de Outeiro de Rei, así como en calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. As solicitudes que se presenten a través da oficina de Correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de seren certificadas. Neste caso os aspirantes deberá comunicalo mediante e-mail (correo@concellodeouteiroderei.org) durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias. Actuarase de igual xeito, no caso de ser presentada a solicitude noutra Administración Pública. En caso de non realizar esta comunicación, vía fax ou correo electrónico, quedarán excluídas do procedemento de selección.
8. As solicitudes subscritas por españois no estranxeiro poderán cursarse no prazo sinalado a través das representacións diplomáticas ou consulares españolas correspondentes, que llas remitirán seguidamente ó organismo competente.
9. Os aspirantes quedan vinculados ós datos que consten na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte

SEXTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

1. Finalizado o prazo dos vinte días naturais fixado para presentar as solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no prazo máximo dun mes, declarando aprobada a lista de admitidos e excluídos, especificando, no seu caso, os motivos de exclusión, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello e no Taboleiro electrónico de anuncios da sede electrónica municipal. No caso de que non existan defectos a emendar, a listaxe provisional de admitidos considerárase definitiva a tódolos efectos.
2. Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación da resolución, para poder emendar, no seu caso, o defecto que motivase a exclusión. No suposto de producirse reclamacións deberá ditarse unha nova resolución estimándoa ou desestimándoa coa publicación da lista definitiva no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios do Concello e no Taboleiro electrónico de anuncios da sede electrónica municipal
3. Contra a resolución da Alcaldía, aprobando a lista definitiva, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó desta notificación ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Lugo.
4. O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza ós interesados posúiren os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificadas documentalmente no suposto de que os aspirantes admitidos superen as probas selectivas.

SÉTIMA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

1. Os membros dos tribunais cualificadores de cada unha das distintas probas selectivas convocadas serán designados pola Alcaldía segundo o disposto no art. 4, parágrafos e) e f) do Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, así como artigo 60 do TREBEP
2. Cada un dos tribunais cualificadores estará integrado por cinco membros titulares e cinco suplentes: presidente/a, secretario/a e tres vogais, procurando na medida do posible a paridade entre homes e mulleres. A súa composición será predominantemente técnica e os seus membros deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional igual ou superior á esixida para o acceso aos postos convocados
3. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ningún
4. Non poderán formar parte dos tribunais as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.
5. Cada tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, con voz e sen voto, cando a natureza ou as circunstancias dalgunha das probas así o aconselle, limitándose os mencionados asesores a prestaren a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.
6. Antes de que teña lugar o comezo das probas e xuntamente coa lista definitiva de admitidos, publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica da Corporación a resolución pola que se nomean os membros titulares e suplentes do tribunal cualificador
7. Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir, comunicándolle ó presidente cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), ou cando realizen tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando

concorra neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da LRXSP

8. O tribunal cualificador deberá constituírse na data que designe a Alcaldía para cada un dos procesos selectivos con- vocados, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros de cada tribunal, titulares ou suplentes. Na sesión constitutiva de cada tribunal adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolve- mento das probas selectivas.

9. A partir da sesión de constitución de cada tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ó disposto na LRXSP e ás bases xerais e ás específicas reguladoras de cada convocatoria.

10. Cada tribunal cualificador adoptará as medidas precisas naqueles casos que resulte necesario para que os aspirantes con discapacidade gocen de similares condicións para realizaren os exercicios ás do resto dos demais aspirantes, dispoñendo, no seu caso, as posibles adaptacións de tempo e de medios.

11. En caso de ausencia do presidente titular e do presidente suplente actuará no seu lugar o vogal designado en primeira orde.

12. Para os efectos de percepción de indemnizacións por asistencia como membros dos tribunais, estes terán a cate- goría que lles corresponda, segundo o establecido no Real decreto 462/2002, do 24 de marzo.

OITAVA.- VALORACIÓN DOS MÉRITOS.

1. O Tribunal comprobará e cualificará os méritos alegados polos aspirantes, que deben xustificarse con documentos orixinais ou copias cotexadas.

2. A experiencia profesional deberá acreditarse mediante certificación, expedida pola Administración Pública na que prestou servizos, facendo constar o posto de traballo que desempeñou e o cómputo total de días, meses ou anos traballados.

Para tal efecto non se terán en conta as fotocopias de contratos de traballo, nin a vida laboral expedida pola tesourería xeral da Seguridade Social. Enténdese por servizos prestados na Administración pública os que derivan dunha contratación laboral, da condición de persoal funcionario de carreira ou interino en calquera das súas modalidades.

Non se computarán os servizos que se prestaran simultaneamente con outros igualmente alegados, e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial

2. As puntuacións outorgadas publicaranse nos taboleiros de anuncios físico e electrónico municipais, e a os sós efectos informativos, na páxina web do Concello de Outeiro de Rei

3. Os aspirantes disporán de un prazo de dez días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación da cualificación da fase de concurso para formular alegacións.

NOVENA.- CUALIFICACIÓN FINAL E RELACIÓN DE APROBADOS.

1. Determinada a cualificación final dos aspirantes o tribunal fará pública a relación de aprobados por orde de puntua- ción no taboleiro de anuncios e na páxina web da corporación

2. O tribunal non poderá en ningún caso aprobar nin declarar que superou as probas selectivas un número superior de aspirantes ó de postos convocados en cada proceso selectivo. Calquera proposta de aprobados que contraveña o estable cido anteriormente será nula de pleno dereito

DÉCIMA.- RÉXIME DE INCOMPATIBILIDADES

Os aspirantes que resulten contratados quedarán sometidos ó réxime de incompatibilidades vixente e non poderán compaxinar o desempeño do seu posto de traballo con calquera outros postos, prazas, cargos ou empregos públicos remunerados.

DÉCIMO P R I M E I R A .- ACHEGA DE DOCUMENTOS POR PARTE DOS OPOSITORES PROPOSTOS PARA O NOMEAMENTO OU CONTRATACIÓN

1. A relación de aprobados, publicada nos taboleiros de anuncios do Concello de Outeiro de Rei, e aos só efectos informativos, na páxina web municipal, conterá unha advertencia recordándolles aos opositores propostos para o nomeamento que deberán presentar a documentación sinalada nas bases para xustificar que cumpren os requisitos esixidos para accederen ó posto convocado.

2. Os aspirantes propostos achegarán, dentro do prazo de 20 días naturais, contados dende a publicación da relación de aprobados, os documentos acreditativos de capacidade e mais os requisitos esixidos na convocatoria:

a) Documento nacional de identidade mediante copia compulsada

b) Fotocopia debidamente compulsada do título académico esixido para o ingreso

c) Certificado médico actualizado –considerarase actualizado se non ten unha antigüidade superior a tres meses–, sen prexuízo dun posterior recoñecemento, de non padecer enfermidade ou eiva física ou psíquica que impida o normal exercicio das funcións propias da praza a desempeñar. No suposto de minusvalía deberá aportarse tamén o certificado acreditativo correspondente.

d) Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

e) Documentación xustificativa daqueles outros requisitos esixidos para o ingreso nas bases específicas de cada proceso selectivo.

f) Fotocopia do número de afiliación á Seguridade Social acompañada do orixinal, ou de ser o caso, xustificación de non estar afiliado.

g) Documento acreditativo de conta bancaria.

h) Calquera outro documento requirido nas bases específicas de cada convocatoria para participar no proceso selectivo debidamente compulsado.

3. Ante a imposibilidade, debidamente xustificada, de presentar os documentos sinalados, os aspirantes poderán acreditar que reúnen as condicións esixidas mediante calquera outro medio de proba admitido en dereito.

4. Quen non presentase a documentación sinalada anteriormente dentro do prazo fixado, salvo causa de forza maior, non poderá ser nomeado como funcionario de carreira ou como persoal laboral fixo, nin tampouco se do exame da documentación se deducise que carece dalgún requisito

DÉCIMO SEGUNDA.- NOMEAMENTO E CONTRATACIÓN

1. Concluído o proceso selectivo, os aspirantes aprobados, cun número que non poderá exceder en ningún caso o de postos convocados, serán persoal laboral fixo pola Alcaldía, unha vez que xustifiquen documentalmente o cumprimento dos requisitos previstos nestas bases para o ingreso

2. A proposta do tribunal cualificador terá carácter vinculante para a Alcaldía, que ordenará a publicación dos nomeamentos no Boletín Oficial do Estado, sen prexuízo da súa toma de posesión ou formalización do preceptivo contrato laboral fixo, unha vez que se practique a notificación persoal de nomeamento.

3. A toma de posesión efectuarase dentro do prazo máximo de 1 mes a partir da publicación do nomeamento; de non facer nin existir causa xustificada, que deberá ser alegada e aceptada, as persoas nomeadas quedarán na situación de cesantes. No caso de persoal laboral fixo procederase á formalización do preceptivo contrato de traballo no prazo indicado.

4. Os postos de traballo vacantes que se van cubrir como consecuencia destes procesos selectivos adjudicaranse de acordo coas peticións das persoas interesadas segundo a orde de puntuación obtida no proceso selectivo.

DÉCIMO TERCEIRA.- CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES.

Estas Bases Xerais vincularán ó Concello de Outeiro de Rei, os tribunais cualificadores e os aspirantes que participen nos procesos selectivos que sexan convocados a través das bases específicas de cada proceso selectivo.

DÉCIMO CUARTA.-INCIDENCIAS.

Os tribunais de cada proceso selectivo quedan facultados para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación e poderán adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

DÉCIMO QUINTA.- RÉXIME XURÍDICO

Os procesos selectivos regularanse polo disposto nestas Bases Xerais e as específicas de cada unha das convocatorias e, no non previsto nestas, pola Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público; Real decreto lexislativo 5/2015, do

30 de outubro, no que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público; pola Lei 2/2015, do 29 de abril, que aproba a Lei do emprego público de Galicia; polo Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, no que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixente en materia de réxime local (artigos do 134 ao 137); polo Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, sobre o procedemento de selección na Administración local; polo Decreto 95/1991, do 20 de marzo, no que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia; e polo Real decreto 364/95, no que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado.

DÉCIMO SEXTA.- DISPOSICIÓN FINAL

Estas bases xerais e cantos actos administrativos deriven das mesmas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola LPACAP e a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. A Administración tamén poderá, no seu caso, revisar as resolucións dos tribunais segundo o previsto na LPACAP.

BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA E PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, MEDIANTE PERSOAL LABORAL FIXO, DUNHA VACANTE DE OFICIAL DE 1º E DÚAS VACANTES DE OFICIAL DE 2º DE SERVIZOS MÚLTIPLES NA OEP DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI DO ANO 2022

PRIMEIRA.- OBXECTO E PREVISIÓNS XERAIS

1. A presentes bases teñen por obxecto a regulación da convocatoria e proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, dunha praza de oficial de 1º e dúas prazas de oficial de 2º de servizos múltiples, que figuran como vacante no cadro de persoal laboral do Concello de Outeiro de Rei e ten sido obxecto de inclusión, para quenda libre, na súa oferta de emprego público do ano 2022 para estabí lización de emprego temporal (BOP n.º 109, do 13/05/22; DOG n.º 95, do 18/05/22)

Apróbanse ao amparo e en desenvolvemento do disposto, con carácter xeral e básico, nas bases xerais reguladoras das convocatorias e procesos selectivos para a cobertura, das vacantes incorporadas na OEP de estabilización de emprego do ano 2022, ás que se adecuarán e remitirán en todo o non especificamente previsto.

2. O sistema selectivo empregado será o concurso, que se desenvolverá con arranxo ao previsto nas presentes bases específicas e, no que proceda, nas anteditas Bases Xerais.

SEGUNDA.- CARACTERÍSTICAS DA VACANTE CONVOCADA. Clase de persoal: persoal laboral fixo.

Funciós.- As correspondentes ao posto e servizo de adscrición, segundo RPT municipal e que resulten propias da capacitación profesional, formativa e legal inherentes.

Retribucións.- As básicas propias do seu grupo/subgrupo de clasificación profesional, así como as complementarias fixadas, para o posto de adscrición correspondente, na RPT vixente (e sen prexuízo daquelas de índole persoal e/ou variables ás que, no seu caso, se poida ter dereito).

Xornada de traballo: completa

TERCEIRA.- REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Para tomar parte nesta convocatoria e proceso selectivo, as/os aspirantes deberán reunir, ademais dos requisitos previstos na base terceira das Bases Xerais, os seguintes, referidos á data en que remate o prazo de presentación de solicitudes de participación:

- a) Estar en posesión do Certificado de Escolaridade ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.
- b) Estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, do CELGA 2 ou acreditación do coñecemento de lingua galega equivalente

A dita acreditación do coñecemento de lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación; con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007, e Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveles de coñecemento de lingua galega).

En todo caso, de conformidade co previsto no artigo 51.2 da Lei do Emprego Público de Galicia, os aspirantes que non acrediten o dito coñecemento da Lingua Galega, ou estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de solicitudes, deberán realizar unha proba específica de coñecemento de lingua galega, de conformidade ao previsto na base sétima

- c) Estar en posesión de carné de conducir clase B.

CUARTA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN

1. As persoas interesadas en participar na convocatoria e proceso selectivo deberán presentar a súa solicitude no modelo que figura como Anexo destas bases, no Rexistro Xeral do Concello de Outeiro de Rei, na sede electrónica ou na forma establecida no artigo 16 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na forma e no prazo establecido na base quinta das Bases Xerais.

2. As persoas coa condición legal de discapacidade deberán facelo constar na solicitude, indicando se precisan adaptacións para realizar as probas

Os aspirantes que teñan a condición legal de discapacitados, con grao igual ou superior ao 33 por cento, terán que presentar certificación dos órganos competentes que acrediten tal condición, xunto con acreditación da compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

3. Ás solicitudes de participación (Anexo) deberá xuntárselles a seguinte documentación

- a) Copia do DNI, pasaporte ou identificativo equivalente e acreditativo da identidade e nacionalidade da persoa aspirante.
- b) Copia do título requirido para participar nesta convocatoria, ou documento acreditativo/xustificativo de estar en posesión do mesmo, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias.

c) Copia de documento acreditativo/xustificativo de estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias, do nivel coñecemento da lingua galega requirido (CELGA 2 ou equivalente).

d) Copia do permiso de conducir clase B.

e) Relación dos méritos alegados polas persoas aspirantes para a súa valoración na fase de concurso, xunto con copia da documentación acreditativa destes, segundo o previsto na base décimo segundo das Bases Xerais.

Non se terán en conta, nin serán obxecto de valoración, aqueles méritos que non teñan sido achegados nin debidamente acreditados, na forma e con arreglo aos criterios e prazo sinalados nestas bases. Así, aqueles que se acheguen ou acrediten fóra de prazo sinalado, non serán susceptibles de valoración; sen prexuízo dos supostos excepcionais nos que, previo acordo expreso do Tribunal, se poida requirir aclaración, documentación/información aclaratoria e/ou adicional sobre outra anterior achegada en prazo.

4. A antedita acreditación documental realizarase mediante a achega de copias simples, sen necesidade de cotexo das mesmas; sen prexuízo de que, ao abeiro do disposto no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (ou aqueloutras previsións normativas análogas/concordantes e/ou substitutivas), se poida requirir a posterior presentación de documentación/información orixinal e o cotexo.

5. O prazo de presentación de instancias de participación será de o sinalado na base quinta das Bases Xerais.

QUINTA.- DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO

O concurso consistirá na valoración dos méritos indicados a continuación, xunto co sistema de baremación aplicable ao efecto; e tendo en conta, en todo caso, que os ditos méritos se valorarán con referencia á data de inicio do prazo de presentación de instancias de participación no proceso selectivo.

Méritos profesionais: 90 puntos

· Servizos prestados no corpo, escala, categoría ou equivalente da entidade local convocante en calidade de persoal temporal 0,94 puntos por mes.

· Servizos prestados neutros corpos, escalas, categorías ou equivalentes da entidade local convocante en calidade de persoal temporal: 0,22 puntos por mes completo

· Servizos prestados en corpos, escalas, categorías ou equivalentes doutras Administracións Públicas (distintas da entidade local convocante) en calidade de persoal temporal: 0,3 puntos por mes completo.

· Servizos prestados no resto do sector público en calidade de persoal temporal: 0,06 puntos por mes completo.

Outros méritos: 10 puntos

a) Formación e capacitacións profesionais:

Valoraranse a realización de cursos homologados polas diferentes Administracións Públicas, ou outras entidades do sector público, ou os realizados no ámbito da formación para o emprego ou os acordos da formación continua cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria, e os considerados transversais polo seu interese para todos os postos como os de coñecemento da lingua galega, os relacionados coa prevención, cos dereitos e deberes dos empregados públicos, coa igualdade, a protección de datos, a atención ao cidadán, a protección do medio ambiente desde o ámbito laboral e os de contido ofimática, entre outros.

Por grupos e subgrupos de titulación, a táboa de horas requiridas para acadar a puntuación máxima sería:

Grupo A 1: 100 horas (0,100 puntos hora)

Grupo A2: 80 horas (0,125 puntos hora)

Grupo B: 50 horas (0,200 puntos hora)

Grupo C1: 30 horas (0,333 puntos hora)

Grupo C2: 20 horas (0,500 puntos hora)

Grupo AP: 10 horas (1,000 puntos hora)

b) Titulación Superior a requirida para o acceso e relacionada coa praza: 0,1 puntos

A solicitude irá acompañada dos certificados de servizos prestados a respecto da experiencia alegada nas diferentes administracións públicas e dos títulos que acrediten a formación recibida ou impartida, así como das titulacións académicas e capacitacións profesionais. Non se aceptará formación non acreditada dentro dos plans e accións formativas aprobadas e xestionadas polas administracións públicas.

3. PROBA DE GALEGO. Os aspirantes que non acrediten posuír o nivel de coñecemento de galego requirido deberán realizar unha proba que consistirá en traducir do castelán ao galego, nun tempo máximo de 30 minutos e sen axuda de dicionario, un texto facilitado polo Tribunal acorde ás características funcionais da vacante convocada.

Os aspirantes serán cualificados como apto ou non apto; quedarán eliminados do proceso selectivo aqueles aspirantes que non acaden a cualificación de aptos

SEXTA. CRITERIOS DE DESEMPATE

No suposto de empate, seguirase o seguinte orde de prelación:

- 1º. Estar ocupando unha das prazas obxecto da convocatoria
- 2º. Estar ocupando unha das prazas da mesma categoría que a convocada na administración convocante.
- 3º. Estar ocupando unha praza de distinta categoría que a convocada na administración convocante.
- 4º. Antigüidade total acumulada en calquera das Administracións Públicas.
- 5º. A de maior idade

SÉTIMA.- COMPENSACIÓN ECONÓMICA DERIVADA DA NON SUPERACIÓN DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN

Corresponderá unha compensación económica, equivalente a vinte días de retribucións fixas por ano de servizo, prorrateándose por meses os períodos de tempo inferiores a un ano, ata un máximo de doce mensualidades, para o persoal laboral temporal que, estando en activo como tal, vise finalizada a súa relación coa Administración pola non superación do proceso selectivo de estabilización. A non participación da persoa candidate no proceso selectivo de estabilización non dará dereito a compensación económica en ningún caso

BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA E PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, MEDIANTE PERSOAL LABORAL FIXO, DUNHA VACANTE DE ARQUITECTA TÉCNICA E OUTRA PRAZA DE ADL RECOLLIDA NA OEP DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI DO ANO 2022

PRIMEIRA.- OBXECTO E PREVISIÓNS XERAIS

1. A presentes bases teñen por obxecto a regulación da convocatoria e proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, dunha praza de arquitecta técnica e outra praza de ADL, que figuran como vacante no cadro de persoal laboral do Concello de Outeiro de Rei e ten sido obxecto de inclusión, para quenda libre, na súa oferta de emprego público do ano 2022 para establecemento de emprego temporal (BOP n.º 109, do 13/05/22; DOG n.º 95, do 18/05/22)).

Apróbanse ao amparo e en desenvolvemento do disposto, con carácter xeral e básico, nas bases xerais reguladoras das convocatorias e procesos selectivos para a cobertura, das vacantes incorporadas na OEP de estabilización de emprego do ano 2022, ás que se adecuarán e remitirán en todo o non especificamente previsto.

2. O sistema selectivo empregado será o concurso, que se desenvolverá con arranxo ao previsto nas presentes bases específicas e, no que proceda, nas anteditas Bases Xerais

SEGUNDA.- CARACTERÍSTICAS DA VACANTE CONVOCADA. Clase de persoal: persoal laboral fixo

Funcións.- As correspondentes ao posto e servizo de adscrición, segundo RPT municipal e que resulten propias da capacitación profesional, formativa e legal inherentes.

Retribucións.- As básicas propias do seu grupo/subgrupo de clasificación profesional, así como as complementarias fixadas, para o posto de adscrición correspondente, na RPT vixente (e sen prexuízo daquelas de índole persoal e/ou variables ás que, no seu caso, se poida ter dereito).

Xornada de traballo: completa.

TERCEIRA.- REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Para tomar parte nesta convocatoria e proceso selectivo, as/os aspirantes deberán reunir, ademais dos requisitos previstos na base terceira das Bases Xerais, os seguintes, referidos á data en que remate o prazo de presentación de solicitudes de participación:

a) Estar en posesión da titulación universitaria necesaria para o exercizo das funcións propias do posto. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

As titulacións necesarias son as seguintes

- Arquitecta técnica: Arquitecto técnico ou graduado nunha titulación que habilite para o exercizo da profesión de arquitecto técnico

ADL: Título universitario de grado ou de licenciado

b) Estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, do CELGA 4 ou acreditación do coñecemento de lingua galega equivalente.

A dita acreditación do coñecemento de lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación; con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007, e Orde de 10 de febreiro de 2014,

que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveles de coñecemento de lingua galega).

En todo caso, de conformidade co previsto no artigo 51.2 da Lei do Emprego Público de Galicia, os aspirantes que non acrediten o dito coñecemento da Lingua Galega, ou estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de solicitudes, deberán realizar unha proba específica de coñecemento de lingua galega, de conformidade ao previsto na base sétima.

CUARTA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN.

1. As persoas interesadas en participar na convocatoria e proceso selectivo deberán presentar a súa solicitude no modelo que figura como Anexo destas bases, no Rexistro Xeral do Concello de Outeiro de Rei, na sede electrónica ou na forma establecida no artigo 16 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na forma e no prazo establecido na base quinta das Bases Xerais.

2. As persoas coa condición legal de discapacidade deberán facelo constar na solicitude, indicando se precisan adaptacións para realizar as probas.

Os aspirantes que teñan a condición legal de discapacitados, con grao igual ou superior ao 33 por cento, terán que presentar certificación dos órganos competentes que acrediten tal condición, xunto con acreditación da compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

3. Ás solicitudes de participación (Anexo) deberá xuntárselles a seguinte documentación

a) Copia do DNI, pasaporte ou identificativo equivalente e acreditativo da identidade e nacionalidade da persoa aspirante.

b) Copia do título requirido para participar nesta convocatoria, ou documento acreditativo/xustificativo de estar en posesión do mesmo, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias.

c) Copia de documento /xustificativo de estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias, do nivel coñecemento da lingua galega requirido (CELGA 4 ou equivalente).

d) Relación dos méritos alegados polas persoas aspirantes para a súa valoración na fase de concurso, xunto con copia da documentación acreditativa destes, segundo o previsto na base décimo segundo das Bases Xerais.

Non se terán en conta, nin serán obxecto de valoración, aqueles méritos que non teñan sido achegados nin debidamente acreditados, na forma e con arreglo aos criterios e prazo sinalados nestas bases. Así, aqueles que se acheguen ou acrediten fóra de prazo sinalado, non serán susceptibles de valoración; sen prexuízo dos supostos excepcionais nos que, previo acordo expreso do Tribunal, se poida requirir aclaración, documentación/información aclaratoria e/ou adicional sobre outra anterior achegada en prazo.

4. A antedita acreditación documental realizarase mediante a achega de copias simples, sen necesidade de cotexo das mesmas; sen prexuízo de que, ao abeiro do disposto no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (ou aquelas outras previsións normativas análogas/concordantes e/ou substitutivas), se poida requirir a posterior presentación de documentación/información orixinal e o cotexo.

5. O prazo de presentación de instancias de participación será de o sinalado na base quinta das Bases Xerais.

QUINTA.- DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO

O concurso consistirá na valoración dos méritos indicados a continuación, xunto co sistema de baremación aplicable ao efecto; e tendo en conta, en todo caso, que os ditos méritos se valorarán con referencia á data de inicio do prazo de presentación de instancias de participación no proceso selectivo.

Méritos profesionais: 90 puntos

· Servizos prestados no corpo, escala, categoría ou equivalente da entidade local convocante en calidade de persoal temporal 0,94 puntos por mes.

· Servizos prestados neutros corpos, escalas, categorías ou equivalentes da entidade local convocante en calidade de persoal temporal: 0,22 puntos por mes completo

· Servizos prestados en corpos, escalas, categorías ou equivalentes doutras Administracións Públicas (distintas da entidade local convocante) en calidade de persoal temporal: 0,3 puntos por mes completo.

· Servizos prestados no resto do sector público en calidade de persoal temporal: 0,06 puntos por mes completo.

Outros méritos:10 puntos

c) Formación e capacitacións profesionais

Valoraranse a realización de cursos homologados polas diferentes Administracións Públicas, ou outras entidades do sector público, ou os realizados no ámbito da formación para o emprego ou os acordos da formación continua cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria, e os considerados transversais polo seu interese para todos os postos como os de

coñecemento da lingua galega, os relacionados coa prevención, cos dereitos e deberes dos empregados públicos, coa igualdade, a protección de datos, a atención ao cidadán, a protección do medio ambiente desde o ámbito laboral e os de contido ofimática, entre outros.

Por grupos e subgrupos de titulación, a táboa de horas requiridas para acadar a puntuación máxima sería:

Grupo A 1: 100 horas (0,100 puntos hora)

Grupo A2: 80 horas (0,125 puntos hora)

Grupo B: 50 horas (0,200 puntos hora)

Grupo C1: 30 horas (0,333 puntos hora)

Grupo C2: 20 horas (0,500 puntos hora)

Grupo AP: 10 horas (1,000 puntos hora)

d) Titulación Superior a requirida para o acceso e relacionada coa praza: 0,1 puntos

A solicitude irá acompañada dos certificados de servizos prestados a respecto da experiencia alegada nas diferentes administracións públicas e dos títulos que acrediten a formación recibida ou impartida, así como das titulacións académicas e capacitacións profesionais. Non se aceptará formación non acreditada dentro dos plans e accións formativas aprobadas e xestionadas polas administracións públicas.

3. PROBA DE GALEGO. Os aspirantes que non acrediten posuír o nivel de coñecemento de galego requirido deberán realizar unha proba que consistirá en traducir do castelán ao galego, nun tempo máximo de 30 minutos e sen axuda de dicionario, un texto facilitado polo Tribunal acorde ás características funcionais da vacante convocada.

Os aspirantes serán cualificados como apto ou non apto; quedarán eliminados do proceso selectivo aqueles aspirantes que non acaden a cualificación de aptos.

SEXTA. CRITERIOS DE DESEMPATE

No suposto de empate, seguirase o seguinte orde de prelación

1º. Estar ocupando unha das prazas obxecto da convocatoria.

2º. Estar ocupando unha das prazas da mesma categoría que a convocada na administración convocante.

3º. Estar ocupando unha praza de distinta categoría que a convocada na administración convocante

4º. Antigüidade total acumulada en calquera das Administracións Públicas.

5º. A de maior idade

SÉTIMA.- COMPENSACIÓN ECONÓMICA DERIVADA DA NON SUPERACIÓN DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN

Corresponderá unha compensación económica, equivalente a vinte días de retribucións fixas por ano de servizo, prorrateándose por meses os períodos de tempo inferiores a un ano, ata un máximo de doce mensualidades, para o persoal laboral temporal que, estando en activo como tal, vise finalizada a súa relación coa Administración pola non superación do proceso selectivo de estabilización. A non participación da persoa candidate no proceso selectivo de estabilización non dará dereito a compensación económica en ningún caso.

BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA E PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, MEDIANTE PERSOAL LABORAL FIXO, DUNHA VACANTE DE MONITOR DEPORTIVO; OUTRA PRAZA DE ANIMADOR SOCIO-CULTURAL E OUTRA DE EDUCADORA FAMILIAR RECOLLIDA NA OEP DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI DO ANO 2022

PRIMEIRA.- OBXECTO E PREVISIÓNS XERAIS

1. A presentes bases teñen por obxecto a regulación da convocatoria e proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, dunha praza de monitor deportivo; outra de animador socio-cultural e outra de educadora familiar, que figuran como vacantes no cadro de persoal laboral do Concello de Outeiro de Rei e ten sido obxecto de inclusión, para quenda libre, na súa oferta de emprego público do ano 2022 para establi zación de emprego temporal (BOP n.º 109, do 13/05/22; DOG n.º 95, do 18/05/22)).

Apróbanse ao amparo e en desenvolvemento do disposto, con carácter xeral e básico, nas bases xerais reguladoras das convocatorias e procesos selectivos para a cobertura, das vacantes incorporadas na OEP de estabilización de emprego do ano 2022, ás que se adecuarán e remitirán en todo o non especificamente previsto

2. O sistema selectivo empregado será o concurso, que se desenvolverá con arranxo ao previsto nas presentes bases específicas e, no que proceda, nas anteditas Bases Xerais

SEGUNDA.- CARACTERÍSTICAS DA VACANTE CONVOCADA. Clase de persoal: persoal laboral fixo

Funcións.- As correspondentes ao posto e servizo de adscrición, segundo RPT municipal e que resulten propias da capacitación profesional, formativa e legal inherentes.

Retribucións.- As básicas propias do seu grupo/subgrupo de clasificación profesional, así como as complementarias fixadas, para o posto de adscrición correspondente, na RPT vixente (e sen prexuízo daquelas de índole persoal e/ou variables ás que, no seu caso, se poida ter dereito).

Xornada de traballo: completa

TERCEIRA.- REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Para tomar parte nesta convocatoria e proceso selectivo, as/os aspirantes deberán reunir, ademais dos requisitos previstos na base terceira das Bases Xerais, os seguintes, referidos á data en que remate o prazo de presentación de solicitudes de participación:

a) Estar en posesión da titulación necesaria para o exercizo das funcións propias do posto. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

As titulacións requeridas son as seguintes:

- Educador/a familiar: Diplomatura en Maxisterio de Educación Primaria ou grado en Mestre en Educación Primaria; títulos de licenciatura ou de grado en Psicoloxía, Pedagogía ou Psicopedagogía; diplomatura ou grado en Traballo social ou en Educación social.

- Monitor/a deportivo e animador/a sociocultural: Graduado en ESO, Graduado Escolar, FP1 ou equivalente

b) Estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, do CELGA 4 ou acreditación do coñecemento de lingua galega equivalente

c) Estar en posesión de carnet de conducir tipo B.

A dita acreditación do coñecemento de lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación; con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007, e Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveles de coñecemento de lingua galega).

En todo caso, de conformidade co previsto no artigo 51.2 da Lei do Emprego Público de Galicia, os aspirantes que non acrediten o dito coñecemento da Lingua Galega, ou estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de solicitudes, deberán realizar unha proba específica de coñecemento de lingua galega, de conformidade ao previsto na base sétima.

CUARTA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN

1. As persoas interesadas en participar na convocatoria e proceso selectivo deberán presentar a súa solicitude no modelo que figura como Anexo destas bases, no Rexistro Xeral do Concello de Outeiro de Rei, na sede electrónica ou na forma establecida no artigo 16 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na forma e no prazo establecido na base quinta das Bases Xerais.

2. As persoas coa condición legal de discapacidade deberán facelo constar na solicitude, indicando se precisan adaptacións para realizar as probas

Os aspirantes que teñan a condición legal de discapacitados, con grao igual ou superior ao 33 por cento, terán que presentar certificación dos órganos competentes que acrediten tal condición, xunto con acreditación da compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes

3. Ás solicitudes de participación (Anexo) deberá xuntárselles a seguinte documentación:

a) Copia do DNI, pasaporte ou identificativo equivalente e acreditativo da identidade e nacionalidade da persoa aspirante

b) Copia do título requirido para participar nesta convocatoria, ou documento acreditativo/xustificativo de estar en posesión do mesmo, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias.

c) Copia de documento /xustificativo de estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias, do nivel coñecemento da lingua galega requirido (CELGA 4 ou equivalente).

d) Relación dos méritos alegados polas persoas aspirantes para a súa valoración na fase de concurso, xunto con copia da documentación acreditativa destes, segundo o previsto na base décimo segundo das Bases Xerais.

e) Certificado de delitos de natureza sexual

f) Copia do carnet de conducir tipo B.

Non se terán en conta, nin serán obxecto de valoración, aqueles méritos que non teñan sido achegados nin debidamente acreditados, na forma e con arreglo aos criterios e prazo sinalados nestas bases. Así, aqueles que se acheguen ou acrediten fóra de prazo sinalado, non serán susceptibles de valoración; sen prexuízo dos supostos excepcionais nos que, previo acordo expreso do Tribunal, se poida requirir aclaración, documentación/información aclaratoria e/ou adicional sobre outra anterior achegada en prazo.

4. A antedita acreditación documental realizarase mediante a achega de copias simples, sen necesidade de cotexo das mesmas; sen prexuízo de que, ao abeiro do disposto no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (ou aquelas outras previsións normativas análogas/concordantes e/ou substitutivas), se poida requirir a posterior presentación de documentación/información orixinal e o cotexo.

5. O prazo de presentación de instancias de participación será de o sinalado na base quinta das Bases Xerais.

QUINTA.- DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO

O concurso consistirá na valoración dos méritos indicados a continuación, xunto co sistema de baremación aplicable ao efecto; e tendo en conta, en todo caso, que os ditos méritos se valorarán con referencia á data de inicio do prazo de presentación de instancias de participación no proceso selectivo.

Méritos profesionais: 90 puntos

· Servizos prestados no corpo, escala, categoría ou equivalente da entidade local convocante en calidade de persoal temporal 0,94 puntos por mes.

· Servizos prestados neutros corpos, escalas, categorías ou equivalentes da entidade local convocante en calidade de persoal temporal: 0,22 puntos por mes completo

· Servizos prestados en corpos, escalas, categorías ou equivalentes doutras Administracións Públicas (distintas da entidade local convocante) en calidade de persoal temporal: 0,3 puntos por mes completo.

· Servizos prestados no resto do sector público en calidade de persoal temporal: 0,06 puntos por mes completo.

Outros méritos:10 puntos

e) Formación e capacitacións profesionais:

Valoraranse a realización de cursos homologados polas diferentes Administracións Públicas, ou outras entidades do sector público, ou os realizados no ámbito da formación para o emprego ou os acordos da formación continua cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria, e os considerados transversais polo seu interese para todos os postos como os de coñecemento da lingua galega, os relacionados coa prevención, cos dereitos e deberes dos empregados públicos, coa igualdade, a protección de datos, a atención ao cidadán, a protección do medio ambiente desde o ámbito laboral e os de contido ofimática, entre outros.

Por grupos e subgrupos de titulación, a táboa de horas requiridas para acadar a puntuación máxima sería:

Grupo A 1: 100 horas (0,100 puntos hora)

Grupo A2: 80 horas (0,125 puntos hora)

Grupo B: 50 horas (0,200 puntos hora)

Grupo C1: 30 horas (0,333 puntos hora)

Grupo C2: 20 horas (0,500 puntos hora)

Grupo AP: 10 horas (1,000 puntos hora)

f) Titulación Superior a requirida para o acceso e relacionada coa praza: 0,1 puntos

A solicitude irá acompañada dos certificados de servizos prestados a respecto da experiencia alegada nas diferentes administracións públicas e dos títulos que acrediten a formación recibida ou impartida, así como das titulacións académicas e capacitacións profesionais. Non se aceptará formación non acreditada dentro dos plans e accións formativas aprobadas e xestionadas polas administracións públicas.

3. PROBA DE GALEGO. Os aspirantes que non acrediten posuír o nivel de coñecemento de galego requirido deberán realizar unha proba que consistirá en traducir do castelán ao galego, nun tempo máximo de 30 minutos e sen axuda de dicionario, un texto facilitado polo Tribunal acorde ás características funcionais da vacante convocada.

Os aspirantes serán cualificados como apto ou non apto; quedarán eliminados do proceso selectivo aqueles aspirantes que non acaden a cualificación de aptos.

SEXTA. CRITERIOS DE DESEMPATE

No suposto de empate, seguirase o seguinte orde de prelación:

1º. Estar ocupando unha das prazas obxecto da convocatoria.

2º. Estar ocupando unha das prazas da mesma categoría que a convocada na administración convocante.

3º. Estar ocupando unha praza de distinta categoría que a convocada na administración convocante

4º. Antigüidade total acumulada en calquera das Administracións Públicas

5º. A de maior idade

SÉTIMA.- COMPENSACIÓN ECONÓMICA DERIVADA DA NON SUPERACIÓN DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN

Corresponderá unha compensación económica, equivalente a vinte días de retribucións fixas por ano de servizo, prorrateándose por meses os períodos de tempo inferiores a un ano, ata un máximo de doce mensualidades, para o persoal laboral temporal que, estando en activo como tal, vise finalizada a súa relación coa Administración pola non superación do proceso selectivo de estabilización. A non participación da persoa candidate no proceso selectivo de estabilización non dará dereito a compensación económica en ningún caso.

ANEXO

D.^a.....

con data de nacemento....., con DNI núm..... e con domicilio en.....

C.P..... teléfono

correo electrónico.....) ante o Sr. alcalde do Concello de

Outeiro de Rei , COMPARECE e DI

a) Que coñece e acepta as bases do proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, dunha vacante de educador/a familiar, incluída na OEP do Concello de Outeiro de Rei do ano 2022 para a estabilización do emprego temporal.

b) Que desexa ser admitido ás probas selectivas convocadas.

c) Que reúne todos e cada un dos requisitos establecidos nas bases da convocatoria e que aporta a documentación esixida para ó efecto.

d) Que adxunta á presente:

- Fotocopia do DNI ou pasaporte.

- Fotocopia do título de

- Fotocopia acreditativa de posuír o CELGA 4 ou título equivalente (só para aqueles aspirantes que desexen acreditar de estar exentos da proba da lingua galega).

- Certificado de delitos de natureza sexual.

- Fotocopia do carnet de conducir

- Acreditación dos méritos baremados para a valoración da fase de concurso

e) Que declara responsablemente non haber sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparme inhabilitado para o exercicio da función pública por sentenza firme.

f) Que declara responsablemente non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade có disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

Por todo o exposto SOLICITA que se teña por presentada esta solicitude e sexa admitido ás probas selectivas indicadas na letra a)

En....., de de 2022

Asdo.:

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI

Outeiro de Rei, 25 de novembro de 2022.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 3465

TRICASTELA

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS.

A Alcaldía, mediante Resolución de data 23 de novembro de 2022, resolveu aprobar inicialmente o Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Triacastela, elaborado en virtude da adhesión ao Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e SEAGA, en materia de prevención e defensa contra incendios, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

O que se somete, ao abeiro do artigo 83 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a información pública polo prazo de 20 días hábiles a contar desde o seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar este documento e presentar as alegacións que consideren oportunas; quedando a disposición das persoas interesadas na sede electrónica do Concello de Triacastela

Triacastela, 23 de novembro de 2022.- A alcaldesa M. Olga Iglesias Fontal.

R. 3447

O VICEDO

Anuncio

O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria celebrada o día 25 de maio de 2022, aprobou definitivamente o estudo de detalle para reaxuste de aliñacións na r/ do Porto do Vicedo nas fronteiras das parcelas de números de policía 52, 54, 56 e 58, formulado por Dolores Piñeiro Infante y otros.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

O Vicedo, 24 de novembro de 2022.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 3448

VIVEIRO

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía, procédese á seguinte CONVOCATORIA:

No Boletín Oficial da Provincia de Lugo do mércores, 20 de outubro de 2021 N.º 241, publícase a convocatoria polo que se inicia o proceso e se establecen as normas para seleccionar persoal ao obxecto de integrar as listas de emprego para a cobertura temporal, con carácter provisorio as necesidades urxentes e imprescindibles que se produzan sempre e cando non sexa posible a súa cobertura con persoal propio municipal, das prazas de Monitor/a Deportivo/a-Socorrista na piscina municipal do Concello de Viveiro.

Vistas as bases e anexo polas que se establecen as normas para seleccionar persoal ao obxecto de integrar as listas de emprego no Concello de Viveiro para a cobertura temporal das prazas de monitor/a deportivo/a - socorrista na piscina municipal.

Vista a Resolución de Alcaldía de data 19 de novembro de 2021, na que se acepta a proposta do Tribunal relativo ao procedemento selectivo para confección da lista de emprego de carácter provisional, como Monitor/a Deportivo/a-Socorrista, sendo a lista de emprego a seguinte:

APELIDOS E NOME	ORDE FINAL
ESCUREDO DIEZ, ALBERTO	1º
LÓPEZ GARCÍA, MARTÍN	2º
TIMIRAOS GONZÁLEZ, LARA	3º

Vistas as dificultades que aparecen ante as necesidades urxentes e imprescindibles sobrevidas das prazas para a súa cobertura temporal, ante a escaseza de participantes que figuran na lista de emprego de carácter provisional como Monitor/a Deportivo/a-Socorrista imposibilitando a súa cobertura en ocasións según consta no expediente, e para acadar un eficaz funcionamento da Piscina Municipal, e imprescindible establecer un novo prazo de presentación de instancias de aspirantes para engadir a dita lista.

Os aspirantes que xa constan na devandita lista de emprego temporal serán valorados coa mesma puntuación acadada na anterior convocatoria agás que ditos aspirantes dentro do prazo da nova convocatoria presenten instancia indicando que adxunta a documentación referida no punto 5 das bases publicadas no taboleiro de anuncios dixital e na páxina web municipal www.viveiro.es, relativo aos méritos e experiencia adquiridos distinta da xa puntuada co obxecto de obter unha nova valoración respecto a puntuación acadada na anterior convocatoria.

Visto o artigo 55.1 do EBEP que sinala que *“todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico”*.

Visto o artigo 55.2 do EBEP que preceptúa que *“as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:*

- a) *Publicade das convocatorias e das súas bases.*
- b) *Transparencia.*
- c) *Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.*
- d) *Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.*
- e) *Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.*
- f) *Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.”*

Visto o artigo 61.1 do EBEP que dispón que *“os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrancia, sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas neste Estatuto”*.

Tendo en conta que para acadar o referido funcionamento eficaz da Piscina Municipal de Viveiro, e en base a criterios de economía e eficacia, constátase a necesidade urxente de abrir un novo prazo de presentación de instancias para dita lista de emprego temporal, as devanditas incorporacións non suporán incremento de custos e non incrementarán o número de efectivos.

Tendo en conta que a actualización da lista de emprego de Resolución de Alcaldía de 19 de novembro de 2021 responde á urxencia para a contratación de persoal para a cobertura temporal na piscina municipal.

Con fundamento no exposto con anterioridade e en uso das atribucións que me confire o e o artigo 21.1.g da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Establecer un novo prazo de presentación de solicitudes para a selección de persoal, con carácter temporal, para a cobertura provisional das prazas de monitor/a deportivo/a-socorrista da Piscina Municipal para cubrir as necesidades urxentes e imprescindibles que se produzan, sempre e cando non sexa posible a súa cobertura con persoal propio municipal, de **5 (cinco) días hábiles** para a actualización da lista de emprego vixente.

SEGUNDO.- Indicar que as bases e anexo polas que se establecen as normas para a selección de persoal ao obxecto de integrar as listas de emprego para a cobertura temporal das prazas de Monitor/a Deportivo/a-socorrista na Piscina Municipal do Concello de Viveiro, figuran publicadas no taboleiro de anuncios dixital e na páxina web municipal www.viveiro.es.

TERCEIRO.- Establecer o prazo de presentación de solicitudes segundo o punto primeiro desta Resolución aos aspirantes que xa figuran en dita lista de emprego a efectos de actualizar os méritos e experiencia, segundo o punto 5 das bases referidas no punto anterior, á data de finalización de dito prazo, para acceder a unha nova valoración respecto a esta actualización, indicando que a non presentación no prazo referido de instancia, conservarán a puntuación acadada na convocatoria do proceso selectivo publicada no BOP de Lugo no n.º 241, de data 20 de outubro de 2021.

CUARTO.- Ordenar a publicación da presente convocatoria de apertura de un novo prazo de presentación de solicitudes no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Viveiro, 24 de novembro de 2022.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 3449

XERMADE

*Anuncio***convocatoria proceso selectivo fomento de emprego 2022**

Por Decreto da Alcaldía núm. 2022-0498 de data 24/11/2022 foron aprobadas as bases e a convocatoria do proceso selectivo para o nomeamento de persoal funcionario interino para o proxecto “fomento de emprego 2022”: dous peóns de edificación e obras públicas, un/a oficial de 1ª de edificación e un/ha oficial de 2 - condutor de edificación.

O prazo de presentación de solicitudes é de cinco (5) días hábiles dende a publicación do anuncio no BOP. As bases íntegras están publicadas na sede electrónica do Concello de Xermade: <https://concelloxermade.sedelectronica.es/>

Xermade, 24 de novembro de 2022.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 3450

XOVE

Anuncio

Con data 30 de setembro de dous mil vintedous adoptouse polo Pleno desta Corporación acordo de aprobación inicial da modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de Escola Infantil Municipal.

Téndose exposto o acordo mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia nº 230 de 7 de outubro de 2022 e transcorrido o período de exposición pública sen terse producido ningunha reclamación segundo o disposto no artigo 17.3 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, enténdese definitivamente adoptado o acordo provisional, procedéndose á publicación, en virtude do apartado 4 do artigo antedito, do texto íntegro da modificación, significando que contra o referido acordo definitivo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, a contar desde a presente publicación, nos termos e condicións establecidos na Lei:

1.- Engádesse un apartado 3 no artigo 3 co seguinte teor literal:

- Non estarán suxeitos á taxa as familias acolledoras de menores con medidas administrativas de tutela ou garda

2.- Modificación do artigo 6, no seu parágrafo primeiro, que quedará redactado como segue:

A tarifa pola atención educativa en xornada completa na Escola Infantil Municipal de Xove fíxase en 169,26 euros, sen prexuízo do establecido no parágrafo seguinte así como no artigo 7

3.- Modificación do artigo 7.1.- Reducións, quedando redactado como segue:

Sobre a cuota sinalada no artigo anterior, aplicaranse as seguintes reducións totais ou parciais:

RENTA	% REDUCCION	CUOTA/MES € Media Xornada	CUOTA/MES € Xornada Completa
Menores que o 50% IPREM	100%	0,00	0,00
Entre o 50% e inferiores ao 75% IPREM	79,37%	17,46	34,91
Entre o 75% e inferiores ao 100% IPREM	58.76%	34,91	69,81
Entre o 100% e inferiores ao 125% IPREM	33.75%	56,06	112,13
Entre o 125% e inferiores ao 150% IPREM	21.25%	66,65	133,29
Entre o 150% e inferiores ao 200% IPREM	13,12%	73,52	147,05
>200% IPREM	0%	84,63	169,26

4.- Modificación do Artigo 7.2. que se denominará Exencións, e que se redactará como segue:

As familias cunha renda per cápita igual ou inferior a 7.500,00 euros anuais disfrutarán da exención total da cuota a partir da segunda filla ou fillo que acuda á mesma escola infantil.

5.- Modificación do Artigo 7.3 denominado Bonificacións, no seu parágrafo primeiro, e que se redactará como segue:

Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre a tarifa que resulte de aplicar o disposto no artigo 6 e no punto 7.1 anterior, aplicaranse as seguintes bonificacións, que non son acumulables entre sí:

-Bonificación do 20% para nenos/as pertencentes a familias numerosas

-Bonificación do 20% para nenos/as pertencentes a familias monoparentais - -Bonificación do 100% da cuota de atención educativa para os fillos/fillas da unidade familiar, a partir do comenzo do curso escolar 2022/2023, resultando de aplicación o establecido na D.A. 9ª da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia.

6.- Engádesse un novo apartado, que será o 7.4, coa seguinte redacción:

As reducións e bonificacións previstas no presente artigo derivanse da acomodación da taxa ao Decreto 49/2012, de 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes da Xunta de Galicia, co que as cuotas poderán sufrir modificación na mesma proporción que a variación interanual positiva experimentada polo índice xeral de prezos de consumo para a Comunidade Autónoma de Galicia, consonte ao previsto no artigo 1 do citado Decreto.

Xove, 24 de novembro de 2022.- O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 3451

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA. SECRETARÍA DE GOBERNO

Anuncio

Dado que o Concello de **RIBAS DE SIL (LUGO)** non elixiu xuíz de paz **SUBSTITUTO/A** para a dita localidade, realízase unha convocatoria para que, no prazo de 15 días computados a partir da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, todos cantos teñan interese en acceder ó devandito cargo dirixan unha instancia á presidencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na Coruña facendo constar o seguinte:

1º) Nome, apelidos, DNI (fotocopia), idade e enderezo.

2º) Se desenvolveron o cargo de xuíz de paz, e se o fixeron como titular ou como substituto.

3º) Méritos que estimen oportunos.

4º) Profesión actual.

Todo isto faise público, en cumprimento do acordo da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, para coñecemento de todos os interesados en solicitar a praza antedita.

A Coruña, 16 de novembro de 2022.- O SECRETARIO DE GOBERNO, Juan José Martín Álvarez.

R. 3452

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO – SIL O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

A/27/33970-1

En esta Confederación Hidrográfica se ha formulado la siguiente petición:

COMPETENCIA DE PETICIONES

NOMBRE DEL PETICIONARIO: Martín Martínez Pérez

TIPO DE AUTORIZACIÓN: instalación de un pantalán con su pasarela en el río Miño (Embalse de Os Peares), del T.M. de Chantada (Lugo)

CORRIENTE EN LA QUE SE UBICARÁN LAS OBRAS: río Miño (embalse de Os Peares)

COORDENADAS UTM ETRS 89 HUSO 29: x = 605.382, y = 4.713.263

TÉRMINO MUNICIPAL EN QUE RADICAN LAS OBRAS: Chantada (Lugo)

De conformidad con el Artº. 75.c del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real Decreto 849/1986 de 11 de abril y según lo dispuesto en el Artº. 105 de dicho Reglamento se abre el plazo de **UN MES**, a contar desde la publicación de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia, para que el peticionario presente en esta Confederación Hidrográfica su petición concreta y el proyecto debidamente precintado, conforme a las prescripciones del Artº. 106 de dicho texto, admitiéndose también, durante este plazo, otras peticiones que tengan el mismo objeto que aquella o sean incompatibles con la misma.

El desprecintado de los documentos técnicos, a que se refiere el Artº. 107 del citado Reglamento, se realizará en las Oficinas de la Comisaría de Aguas de esta Confederación Hidrográfica, (Ronda da Muralla nº 131 - Lugo), a las **DOCE (12) HORAS** del primer día hábil después de los seis días de la conclusión del plazo de presentación de peticiones.

Del pago de este anuncio responde el peticionario.

Lugo, 14 de noviembre de 2022.- EL COMISARIO ADJUNTO, Alberto de Anta Montero.

R. 3453

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: A/27/06894/E

Asunto: Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

Titular: Leche de Galicia, S.L.

Nombre del río o corriente: Seis (6) pozos

Punto localización: Lugar y parroquia de Sancovade

Término municipal y provincia: Vilalba, Lugo

Caudal concedido: 6,14 l/s

Destino: Uso industrial

Título: Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

Fecha: 03 de septiembre de 1998

Registro de Aguas: 8024, Sección A, en el Tomo 0081, hoja número 024

BREVE DESCRIPCIÓN:

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por transcurso del plazo por el que se otorgó la concesión. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de UN (1) MES, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Concello de Vilalba** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., (Comisaría de Aguas - Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

Lugo, 24 de noviembre de 2022.- EL COMISARIO ADJUNTO, Alberto de Anta Montero.

R. 3454

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA A/27/39692

Amparo Vivero Roibás, con D.N.I.***5367**, solicita autorización para la legalización de la plantación en la zona de policía, cuyos datos son los siguientes:

CORRIENTE: Rego de Santa Marta

MARGEN / RIBERA: derecha

Nº Y ESPECIE DE LOS ÁRBOLES A LEGALIZAR: 1087 eucaliptos

LUGAR: Parcela 487 del polígono 63

PARROQUIA: Robra (San Pedro Fiz)

TÉRMINO MUNICIPAL: Outeiro de Rei (Lugo)

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de **UN (1) MES**, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil (Comisaría de Aguas, Ronda da Muralla, 131-2ª planta, LUGO), donde estará de manifiesto de acuerdo con las normas de consulta derivadas de la situación sanitaria, pudiendo informarse previamente en el teléfono 982 265260 o en email registro.lugo@chminosil.es

Teniendo en cuenta la situación actual en lo que respecta a la exposición a coronavirus y a los riesgos sanitarios derivados por el contagio de la COVID-19, para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y respetar en todo momento la MEDIDAS DE SEGURIDAD que establezcan las autoridades sanitarias y las instrucciones del personal del Organismo.

Lugo, 21 de septiembre de 2022.- EL COMISARIO ADJUNTO, Alberto de Anta Montero.

R. 3455

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

EXPEDIENTE: **V/27/01548**

PETICIONARIO: José Regueiro García

VERTIDO

DENOMINACIÓN: Vivienda en San Fiz

LOCALIDAD: San Fiz, San Fiz de Reimóndez (San Pedro Fiz)

TÉRM. MUNICIPAL: Sarria

PROVINCIA: Lugo

RÍO/CUENCA: Sarria/Sarria

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en San Fiz" - "José Regueiro García", con un volumen máximo anual de 438 m3.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Fosa séptica.
- Arqueta de toma de muestras.
- Zanjas filtrantes.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Teniendo en cuenta la situación actual en lo que respecta a la exposición a coronavirus y a los riesgos sanitarios derivados por el contagio de la COVID-19, para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y respetar en todo momento la MEDIDAS DE SEGURIDAD que establezcan las autoridades sanitarias y las instrucciones del personal del Organismo.

Lugo, 23 de noviembre de 2022.- EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS, Diego Fompedriña Roca.

R. 3456

Anuncio

Expediente: A/27/31184

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución

de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 8 de noviembre de 2022 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a Ismael Torres Amil, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,084 l/s de agua procedente de un pozo situado en la parcela catastral 17 en el polígono 189, en el lugar y parroquia de Nodar (San Mamede), en el término municipal Friol (Lugo) para usos sanitarios y ganaderos.

Lugo, 18 de noviembre de 2022.- EL COMISARIO ADJUNTO, Alberto de Anta Montero.

R. 3457

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: A/27/33730

Asunto: Solicitud de concesión de aprovechamiento de aguas

Peticionario: Comunidad de Usuarios de Santalla de Abaixo

Nombre de la captación: Manantial Cova da Fonte

Caudal solicitado: 0,0915 l/s

Punto de emplazamiento: Santalla (San Xosé)

Término Municipal y Provincia: Samos (Lugo)

Destino: Usos domésticos y riego

BREVE DESCRIPCIÓN DE LAS OBRAS Y FINALIDAD:

La captación se realiza en un manantial mediante una tubería subterránea que conduce las aguas a un depósito desde el que se distribuyen a las instalaciones a abastecer y a la finca a regar.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado, dirigidas a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., ante este Organismo, Ayuntamiento de Samos, o a través de cualquiera de los medios o registros previstos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Se hace constar que el expediente estará de manifiesto para su consulta en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131 - 2º Planta - 27001 - LUGO).

Teniendo en cuenta la situación actual en lo que respecta a la exposición a coronavirus y a los riesgos sanitarios derivados por el contagio de la COVID-19, para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y respetar en todo momento la MEDIDAS DE SEGURIDAD que establezcan las autoridades sanitarias y las instrucciones del personal del Organismo.

Lugo, 24 de noviembre de 2022.- EL COMISARIO ADJUNTO, Alberto de Anta Montero.

R. 3458

FE DE ERRATAS

Advertido erro no BOP Núm. 274 - mércores, 30 de novembro de 2022, na páxina 2 con núm. de rexistro 3503, en relación anuncio da Excm. Deputación Provincial de Lugo: aprobación inicial do Proxecto de Orzamento para o ano 2023.

Onde di:

RECAUDACIÓN

Anuncio

(...)

Debe decir:

INTERVENCIÓN

Anuncio

(...)